

vilalba

O Concello instalará un sistema de sombra na avenida Terra Chá. **Páx. 2**

as pontes

Adxudican o deseño da nova residencia de maiores que se fará na localidade. **Páx. 7**

muras

A abstención do PP no Pleno, permite desbloquear o pago de facturas. **Páx. 12**

begonte

A festa do Maior e a Festa da Xuventude sucederanse en dúas fins de semana. **Páx. 17**

festivais

Rábade e Abadín preparan as súas citas musicais para maio e xuño. **Páx. 24**

A comarca, en obras

A Deputación amplía o programa de rehabilitación de estradas con novos investimentos e dá inicio aos traballos en varios concellos



Friol prepárase para vivir a festa do Friulio

Esta terá lugar o 10 e 11 de maio mentres organizan tamén unha nova edición das Olimpíadas. **Páx. 10**

Pol dá luz verde á rehabilitación da reitoral

O Concello aprobou en Pleno o proxecto técnico básico para Suegos, que será un centro social. **Páx. 15**

A Torre de Caldaloba



Deputación e Xunta seguen litigando pola propiedade do monumento. **Páx. 18**

Asociación Penas de Rodas



O colectivo relata as orixes e os proxectos da Romaxe de xuño. **Páx. 23**

Ascenso a Segunda



O Matela unirase ao Goiriz en Segunda ao vencer ao Abadín nos 'play off'. **Páx.31**

Homenaxe ás Cantareiras nas Letras Galegas

A festa da cultura estará dedicada este ano ás cantareiras con actividades toda a semana. **Páx. 28**

NOVALUX
óptica & centro auditivo

**GRADÚA AS TÚAS
LENTES DE VISTA...**

**E LÉVATE GRADUADAS
TAMÉN AS DE SOL!**

**Ata o 31 de xuño*

Marta Rouco abre unha liña directa coa veciñanza por medio de WhatsApp

A alcaldesa, Marta Rouco, vén de poñer en marcha unha nova canle de comunicación directa coa cidadanía co obxectivo de facilitar o contacto coa Alcaldía e dar resposta ás inquedanzas da veciñanza de forma áxil e próxima.

A través dun sistema sinxelo e accesible, calquera persoa poderá poñerse en contacto coa alcaldesa mediante WhatsApp. Para iso, só é necesario estar dado de alta na canle oficial da Alcaldía de Vilalba. O proceso é doado: cómpre gardar o número 648 199 486 na axenda do móbil e enviar unha mensaxe coa palabra "ALTA". A partir dese momento, xa se poderá escribir directamente á alcaldesa indicando o motivo da consulta xunto co nome e apelidos.

"As portas do meu despacho están abertas para os veciños, pero poño tamén á súa disposición o WhatsApp da Alcaldía para que poidan trasladarme as súas peticións,



suxestións ou queixas", sinalou. Esta iniciativa supón un paso máis na modernización da comunicación institucional e reforza o compromiso do goberno local cunha administración máis próxima, transparente e eficaz. A alcaldesa comprométese a responder ás mensaxes no menor tempo posible. Ademais, a través desta canle tamén se poderá recibir información actualizada sobre as novidades e servizos do concello.

O Concello instalará un sistema de sombra na avenida Terra Chá

A concellería de Infraestruturas Urbanas de Vilalba traballa nun novo proxecto de mellora da accesibilidade e adecuación do espazo público no casco urbano.

En concreto, o proxecto céntrase na integración dun sistema de sombra na avenida da Terra Chá que estará composto por plataformas elevadas nas que se plantarán especies arbóreas autóctonas e nas que tamén se instalarán bancos.

Desta forma, a Concellería de Infraestruturas Urbanas busca "mellorar a accesibilidade dunha das avenidas estruturais do noso casco urbano, na que hai un número moi relevante de residentes e que é frecuentemente empregada por maiores e crianzas" explicou o concelleiro de Infraestruturas Urbanas de Vilalba, Luis Fernández.

Nesa liña, considérase estratéxica a ampliación dos espazos naturais de sombra da avenida da Terra Chá, así como a dotación de bancos e zonas de descanso ao longo da rúa xa que na actualidade "conta con tramos de varios centos de metros, incluso con pendente medias, sen ningún tipo



de espazo de descanso á sombra, o que xera grandes barreiras de accesibilidade a moitos usuarios".

Unha situación que se solucionará mediante unha serie de actuacións que incluírán: o recorte do pavimento existente e a apertura de sobeirras, a colocación dun sistema de recollida de auga, a colocación dun muro perimetral de suxeición en cada plataforma, a creación de zonas elevadas con céspede, o recheo con terra, a plantación de pereiras silvestres e a colocación de asentos de madeira sobre a superficie central das plataformas.

"O proxecto conta cun orzamento base de licitación de 45.888 euros dos cales o 80% será subvencionado pola Consellería de Medio Ambiente e Cambio Climático a través dunha liña de axudas de concorrencia non competitiva á que presentamos o proxecto en tempo e forma para poder conseguilo", explicou a alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco.

Así, nas vindeiras datas "adxudicaránse as obras, que terán un tempo de execución aproximado de 4 meses e medio" sinalou a rexedora de Vilalba.

Lembran a obrigatoriedade de limpar os solares urbanos

O Concello de Vilalba vén de emitir un bando municipal no que lembra á cidadanía a necesidade de manter limpos e coidados os solares situados na zona urbana, especialmente ante a chegada do verán e o acelerado crecemento da vexetación.

O goberno local destaca a importancia de prever riscos de incendio e garantir a seguridade viaria, polo que fai un chamamento urxente aos propietarios de parcelas para que procedan á súa limpeza canto antes. A intervención deberá realizarse desde os límites da beirarrúa, asegurando

que a vexetación non invada nin dificulte o paso libre e seguro dos peóns, e terase que efectuar antes do 30 de xuño. O bando advirte de que, en caso de incumprimento, o Concello aplicará o réxime sancionador, segundo o establecido na Ordenanza Municipal de Protección do Medio Ambiente Urbano.

Ademais, poderase proceder á limpeza de forma subsidiaria, sendo os custos das operacións repercutidos aos propietarios responsables, sen prexuízo das sancións que poidan corresponder.

O Goberno local gaña un contencioso á Xunta e recupera 162.000 euros

O Concello recuperará os 162.000 euros que lle correspondían do Fondo de Compensación Ambiental do ano 2020 logo do fallo favorable do Tribunal Superior de Xustiza ao recurso contencioso-administrativo presentado polo goberno local.

Dito importe, que a Xunta de Galicia tería que ter aboado fai case 4 anos ao Concello de Vilalba, corresponde ás obras de renovación da rede municipal de abastecemento de auga nas rúas Calvario e Os Pepes.

"A Xunta de Galicia negoulle ao Concello o cobro da subvención, unha situación completamente inxusta e contra a que decidimos actuar pola vía xudicial", explicou a alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, ao que engadiu que "o desprezo da administración autonómica cara Vilalba chega ao punto de negarnos diñeiro que nos corresponde".

En consecuencia, o Concello executou as obras e "evidentemente tivemos que pagalas; ante esta situación

tivemos que facelo con diñeiro das arcas municipais porque a Xunta de Galicia se negou a abonarnos a parte que lle correspondía" salientou.

Agora, a sala do contencioso-administrativo recoñece a obriga da Xunta a abonar ao Concello de Vilalba os 162.795,24 euros correspondentes á parte da obra de renovación da rede municipal de abastecemento de auga executada e xustificada no prazo establecido, así como ao pago dos intereses que correspondan.

POR CADA 10€ DE COMPRA TE DESCANTAMOS 1€ EN TU SIGUIENTE COMPRA

RÚA CAMPO DE PUENTE 23-25 VILALBA (LUGO) • decoplusvilalba@gmail.com


982 887 932 / 604 049 938 • caracol.plus

Habilitan 6 prazas de aparcamento para clientes das farmacias locais

A concellería de Infraestruturas Urbanas de Vilalba vén de por en funcionamento unha nova proposta relativa ao estacionamento: o pintado de 6 prazas de aparcamento reservadas para os clientes das farmacias do casco urbano vilalbés.

Dende a xornada de onte “cada unha das farmacias do casco urbano conta nas súas inmediacións cunha praza de estacionamento reservada para os seus clientes, que poderán estar aparcados durante un período de 15 minutos”, explicou o concelleiro de Infraestruturas Urbanas de Vilalba, Luis Fernández.

Unha iniciativa coa que o goberno local busca “facilitar a vida dos veciños e veciñas, permitindo que poidan recoller con facilidade os seus medicamentos na farmacia; ao tempo que damos resposta a unha demanda moi solicitada tanto polos clientes como polas propias farma-



cias”, subliñou a alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco.

En canto á limitación do estacionamento, esta será de 15 minutos durante o horario de apertura da farmacia ou cando se atope en servizo de garda. Na franxa horaria restante a praza poderá empregarse sen ningún tipo de restrición, “o funcionamento é semellante ao de un carga e descarga pero neste caso reservado

para a recollida de medicamentos nas farmacias”.

As prazas, que xa están pintadas e que estarán acompañadas da correspondente sinal vertical coa explicación do seu funcionamento, localízanse dúas delas na avenida da Terra Chá, unha na rúa da Emigración, unha na rúa Plácido Peña, unha na rúa da Pravia e outra na rúa de Galicia.

Nausti organiza unha excursión á Ribeira Sacra o 11 de maio

A Asociación Cultural Nausti prepara unha completa xornada de lecer e natureza coa organización dunha excursión á Ribeira Sacra o domingo 11 de maio. Baixo o lema Un día para conectar coa natureza, a actividade promete unha experiencia enriquecedora que combina cultura, gastronomía e paisaxe.

O programa inclúe transporte subvencionado pola asociación, almorzo, unha viaxe en catamarán polos Canóns do Sil, visita a unha bodega, xantar nun restaurante da zona e seguro de viaxe. O prezo da excursión é de 50 euros por persoa.

CENTENARIOS



Dous residentes do Hospital Asilo sopraron máis de cen candeas. Por unha banda, Armando Basanta, natural da parroquia de Lanzós, incorporouse ao exclusivo grupo de centenarios e, pola outra, Nicasia Criado celebrou os seus 105 anos, consolidándose como a veciña máis lonxeva do municipio, nun día cheo de emocións e agarimo.

Manos Unidas recada máis de 4.200 euros en dúas actividades anuais

A Comarcal de Manos Unidas de Vilalba vén de desenvolver varias actividades solidarias, coa intención de recadar fondos para os seus proxectos e sensibilizar á cidadanía.

Tras a presentación da Campaña contra a Fame, celebrada o segundo fin de semana de febreiro, a organización levou a cabo un Festival Solidario e participou cun posto na Feira do Queixo de San Simón da Costa.

O Festival Solidario tivo lugar o pasado sábado 29 de marzo ás 20:00 horas, evento xa tradicional na comarca, organizado pola Comarcal de Manos Unidas de Vilalba. O acto foi presentado por María Xosé Lamas e contou coas actuacións de Aurelio Chao Fernández, Estrella Naseiro, Nena Carmen e a Asociación Cultural de Andrade. Na organización e celebración do festival colaboraron o Concello de Vilalba, Imprenta Junor, a Unidade Pastoral de Vilalba e a empresa ALLENTUM. Durante o evento recadáronse 3.235 euros, que serán destinados aos distintos proxectos presentados.

O festival contou cunha ampla par-

ticipación de público e coa presenza da alcaldesa, ademais de representantes da Delegación Diocesana de Manos Unidas de Mondoñedo-Ferrol e da Unidade Pastoral local.

En canto á participación na Feira do Queixo de San Simón, destaca a gran afluencia de público, especialmente o domingo 7 de abril. Foron moitas as visitas ao posto de Manos Unidas, onde se venderon diversos artigos, na súa maioría artesanais, e se informou sobre os proxectos en curso. A recadación acadada durante os dous días da feira foi de 1.011 euros.

No conxunto destas actividades, Manos Unidas de Vilalba achegou un total de 4.246 euros á Diocese de Mondoñedo-Ferrol. Este logro foi posible grazas á colaboración desinteresada de varias persoas voluntarias que, sen pertencer oficialmente á organización, traballaron intensamente na preparación e atención do posto, así como na elaboración de produtos artesanais para a súa venda. Cómpre destacar que o Concello de Vilalba facilitou gratuitamente o espazo para o posto na feira.

A Xunta entrega unha vivenda de promoción pública en Vilalba

A Xunta entregou onte unha vivenda de promoción pública na rúa da Roxeira de Vilalba. O delegado territorial de Lugo, Javier Arias, participou na entrega das chaves á nova ocupante.

Trátase dun apartamento duns 75 metros cadrados que conta con dous dormitorios, praza de garaxe e rocho. Foi adxudicado en réxime de

alugueiro seguindo o procedemento habitual, entre as persoas inscritas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda de Galicia.

Arias destacou que en canto unha vivenda queda vacante, axilízanse os trámites para poñela a punto e entregarlle canto antes ao seguinte solicitante que figura nas listas do correspondente concello.

PREFABRICADOS Y HIERROS TOURÓN

- Montaje de naves ganaderas en general
- Estructuras
- Cerchas y pórticos
- Cubiertas de naves en urallitas y panel sandwich
- Taller de ferralla
- Cubículos de hormigón prefabricados



NUEVO
SERVICIO:
PLANTA DE
HORMIGÓN



Móvil: 692 946 694

629 817 933

comercial@hormigonesartai.com

Prefabricados y Hierros
TOURON, S.L.

Vilar de Sarria, 34
27614 Sarria - Lugo
Tel.: 982 530 469 - Fax: 982 535 501
Móvil: 629 802 700 - 629 817 933
email: hierrostouron@gmail.com



Presentado o libro coas obras premiadas no Certame de Microrrelatos

Vilalba acolleu a presentación do libro que recolle as obras premiadas na quinta e sexta edición do Certame de Microrrelatos do Día do Libro. Durante o acto, participaron da lectura realizada polos propios actores dos microrrelatos, ofrecendo unha experiencia única que achegou aos asistentes ao mundo literario destes contos breves cheos de imaxinación. A iniciativa, que se leva a cabo co apoio da Concellería de Cultura, foi un éxito na súa edición, “demostran-

do o compromiso e a paixón polos contos curtos na nosa comunidade”, explicaron desde a organización, que dedicou “un sincero parabén a todos e todas as premiadas, cuxas creacións contribuíron a enriquecer este proxecto cultural”. Ademais, xa está en curso a sétima edición do certame, animando a todos os interesados a participar e continuar promovendo a lectura e a escritura de microrrelatos. O prazo segue aberto ata o 31 de maio.

O PP ve pasividade do Goberno “no estado das infraestruturas”

O Partido Popular condena “a total falta de interese” de PSOE e Vilalba Aberta pola conservación e mantemento das infraestruturas e inmo- bles de titularidade do Concello e insta ao goberno local a tomar medidas urxentes para garantir a segu- ridade.

Os concelleiros do PP advirten do “mal estado” no que se atopan moi- tas das instalacións municipais por- que “o goberno non se preocupa o máis mínimo en facer os traballos de limpeza e mantemento”. Algúns exemplos de infraestruturas que presentan deficiencias son o auditorio municipal, o campo de fútbol da Madalena ou o aparcamento sote- rrado da praza da Constitución.

Os populares sinalan que “calquera propietario privado ten que facer ta- refas de limpeza, acondicionamento ou pequenos arranxos que permitan conservar o seu patrimonio en bo estado” e defende que “o Concello, como calquera administración pú- blica, debe manter os seus bens. Só dese xeito se garante que se man-



teñan en bo estado nun período de tempo máis longo evitando ter que facer intervencións maiores a curto prazo. E o que é importante, só así se garante aos usuarios o seu uso en condicións de seguridade”.

Dende o Grupo Municipal Popular xa advertiran do recorte na partida para conservación e mantemento nos presupostos do Concello para este ano: “cada ano recortan máis esas partidas orzamentarias” que considera “a evidencia máis clara da falta de interese do goberno municip- al pola falta de mantemento e con- servación das súas infraestruturas”.

Os concelleiros do Partido Popular amosan a súa preocupación ante o risco para a seguridade dos usuarios que poida supoñer o mal estado de infraestruturas municipais.

En relación ao aparcamento soteerra- do, subliñan que “cando chove, cae auga tanto dentro coma fóra” polo que temen que “as filtracións de auga poidan provocar que caia parte do seu teito provocando danos ma- teriais nalgún vehículo aparcado ou, o que é peor, a algún peón”. Nese sentido, condenan a “pasividade” do goberno local e urxen a “tomar medidas”.

Anuncian a renovación de varias vías do rural

O tenente de alcalde vilalbés, Mo- desto Renda, anunciou que o Con- cello renovará a vía que une os ba- rrios da Carboeira e Fontemarín, na parroquia de Román.

Trátase dun novo proxecto de me- llora na rede viaria do rural, co que o Concello de Vilalba “dará cumpri- da resposta ás demandas da veci- ñanza e explotacións gandeiras”, dixo Renda.

Así, actuarase sobre toda vía co re- cargo e nivelación das capas base e á súa pavimentación mediante do- bre rega asfáltica.

Ademais, o proxecto aprobado in- clúe a limpeza de cunetas co fin de aumentar a vida útil da estrada.

Esta obra financiarase con cargo ao

Plan Único correspondente á pre- sente anualidade 2025.

Ademais, anunciou a renovación da vía que dá acceso ao barrio dos Currás, na parroquia de Distriz.

Trátase dun novo proxecto de me- llora na rede viaria do rural, co que o Concello dará cumprida resposta ás demandas da veciñanza des- te barrio, logo de que na pasada anualidade se deixara totalmente nova xa a estrada que comunica Distriz con Codesido.

Así, actuarase sobre toda a vía co recargo e nivelación das capas base mediante tratamentos semipro- fundos e a súa pavimentación me- diante dobre rega asfáltica en toda a superficie.

Protección Civil celebra 30 anos de servizo e recibe unha medalla de ouro

A Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Vilalba está de celebración por partida dobre. O pasado 5 de abril tivo lugar a tradicional comida conmemora- tiva polos 30 anos de servizo, un acto cheo de emoción e recordos compartidos entre compañeiros e compañeiras que teñen entrega- do o seu tempo e esforzo á pro- tección e benestar da cidadanía vilalbesa.

Nese mesmo día, celebráronse tamén as eleccións para elixir a presidencia da AVPC de Vilalba, resultando reelixido Pepe Franco Criado como presidente da agru- pación.

Como broche de ouro, a agru- pación foi distinguida pola Aso-



ciación Nacional de Agrupacións e Asociacións de Voluntarios de Protección Civil de España coa Placa ao Mérito na súa categoría de Ouro, en recoñecemento aos

seus 25 anos de servizo, galardón que será entregado o 31 de maio nunha cerimonia no Centro So- ciocultural de Baio, no Concello de Zas.



• **PODOLOGÍA**
DEPORTIVA - INFANTIL
CIRUGÍA - DIABÉTICA
GERIÁTRICA - PLANTILLAS

• **ECOGRAFÍA**

• **TRATAMIENTOS CON LASER**
• **ESTUDIO INFORMATIZADO DE LA MARCHA**

• **ÚLCERAS**
ARTERIALES - VENOSAS

R.S. C-27-001184

Carballo & Otero
CLÍNICA DEL PIE

ATENCIÓN A DOMICILIO

DRA. YESICA OTERO ESTALOTE
DR. JUAN L. CARBALLO DÍAZ

Campo de Puente, 20 Bj. Vilalba - Lugo
Telf: 982 88 75 65 • Urgencias: 609 72 97 12



Máis de 6.000 persoas asistiron en abril á última edición do FIV

O balance sobre o FIV do Concello é “positivo”, apoiándose para iso nos datos facilitados pola produtora do evento, i-Radia Crea, a cal cuantificou en máis de 6.000 persoas o nivel de asistencia das actividades celebradas ao longo do pasado venres 25 e o sábado 26 de abril en Vilalba. Unha asistencia que se concentrou maioritariamente na xornada do sábado, na que o ambiente do FIV comezou a notarse dende primeira hora da mañá na Praza da Constitución, onde se celebraron as actividades con acceso libre do festival e os establecementos da contorna se encheron de ambiente.

Nesa liña, a alcaldesa de Vilalba, Marta Rouco, salientou “o beneficio económico que supón a celebración do FIV para o noso comercio local e hostalería, que durante a fin de semana incrementou notablemente a afluencia de clientes debido á chegada de visitantes e á confianza dos veciños e veciñas no noso festival; o FIV fixo vibrar Vilalba e a todo o tecido comercial do municipio, manténdose vivo e implicado co festival”.

Pola súa banda, a concelleira de



Cultura de Vilalba, Mónica González, fixo fincapé na importancia de “manter a calidade e a consolidación dun festival como o FIV que nesta edición cumpriu 18 anos, con todo o que iso implica”. “Seguiremos traballando, como xa estamos facendo coa vindeira edición, por mantermos como referentes e seguir o noso camiño diferencial nun momento no que hai moitos festivais na contorna e outros novos que emerxen continuamente”.

A rexedora vilalbesa, Marta Rouco tamén subliñou “a importancia de seguir potenciando Vilalba como un

municipio cunha constante proposta social e cultural que atrae a milleiros de persoas ata a nosa vila”. Rouco puxo en valor “o civismo e o comportamento exemplar dos asistentes ao FIV”. “As forzas de seguridade non recibiron ningún tipo de aviso durante os dous días, o que confirma o bo ambiente que se crea no FIV”, concluíu a alcaldesa.

A deputada de Economía, Recadación, Facenda e Especial de Contas, Carmela López Moreno, lembrou que a institución provincial colaborou cunha achega de 50.000 euros, reafirmando o seu apoio ao evento.



A Escola Movemento destaca no clasificatorio para o Mundial de Danza

A Escola de Movemento de Vilalba regresou do clasificatorio para o Mundial de Danza, celebrado os días 11, 12 e 13 de abril en Burgos, cun excelente balance de resultados e unha maleta chea de emocións.

O alumnado da escola destacou pola súa entrega artística, pola calidade escénica das súas coreografías e por un forte espírito de convivencia que se fixo sentir tanto enriba como fóra do escenario.

O balance final foi especialmente positivo para esta pequena pero talentosa escola vilalbesa, que logrou un total de 4 medallas de ouro, 5 de prata, 3 de bronce e 7 diplomas de cuarto posto, ademais doutros recoñecementos. Un dos momentos máis destacados foi a presentación da peza “Santa María e San Ramón”, que competiu nunha categoría de gran esixencia artística e cun altísimo nivel de execución.

Durante o clasificatorio, a Escola de Movemento acadou un destacado palmarés, no que se incluíron catro medallas de ouro, concedidas ás coreografías Canta miña sombra, O Maio, Penlas e Antes muerta que sencilla, que brillaron pola súa for-

za escénica e orixinalidade.

En canto ás medallas de prata, foron cinco as pezas galardoadas: África, Alexa, bailamos?, Movekids, Sing e Un genio genial, todas elas recoñecidas pola súa calidade técnica e expresividade.

O medalleiro complétase con tres bronces, obtidos polas actuacións Luna, Santa María e San Ramón —moi valorada nunha categoría especialmente esixente— e Arcade, que tamén conseguiu un diploma de sexto posto noutra modalidade. Ademais, Movemento recibiu diplomas de 4º posto para as coreografías Río, As que tiñan que estar e Morena; de 5º posto para Teléfono, Don Michael, Mamma mia, Try Everything, Mariposas, Annie e Tutti Frutti; e de 6º posto para Confident, Magia, The one that I want, I’m an animal, Hoxe, mañá e sempre e de novo Arcade.

Aínda que algunhas coreografías non lograron a clasificación para o Mundial, Movemento quixo facer un recoñecemento especial ao traballo artístico de pezas como Quen é a que canta, Invisible, ABBA, Mess it up, Cassandra e Survivor, valorando o esforzo, a creatividade e a paixón que se reflectiron en cada unha delas.

O Ilesha convoca a VII Edición do Premio Agustín Fernández Paz

Coincidindo coa celebración do Día do Libro, o Ilesha, o Concello de Vilalba e Edicións Xerais de Galicia convocaron a IX edición do Premio Agustín Fernández Paz de narrativa infantil e xuvenil pola igualdade.

Como en edicións anteriores poderán participar todas as persoas que o desexen presentando narracións inéditas en lingua galega, dirixidas

ao público infantil e xuvenil e cunha temática unida ao compromiso pola igualdade de xénero, paz, nacionalidade, etc. A obra terá unha extensión libre e presentarse encadernada, por cuadruplicado, en papel impreso polas dúas caras, en DIN A4. O premio está dotado con 3.000 euros e a publicación do orixinal por Edicións Xerais de Galicia cedendo ao

gañador 30 exemplares do mesmo. O prazo de presentación de orixinais, que xa está aberto, rematará o 12 de xullo, aproveitando o noveno cabodano do autor homenaxeado. Será en outono, concretamente na última semana de outubro, cando se dea a coñecer o gañador, escollido por un xurado formado por tres persoas de recoñecido prestixio cultural.

SOMOS ESPECIALISTAS EN RECAMBIO AGRÍCOLA NEUMÁTICA HIDRÁULICA TRANSMISIÓN HERRAMIENTAS ACEITES	TENEMOS EL RECAMBIO PARA TU APERO CUCHILLAS MUELLES CORREAS RODAMIENTOS	TRABAJAMOS LAS MEJORES MARCAS JOHN DEERE eni CEPSA BCS PETRONAS TIMKEN BZ bezares S.A.	TODAS LAS HERRAMIENTAS QUE NECESITAS Milwaukee Nothing but HEAVY DUTY	RVS SESACAR RECAMBIOS Y SUMINISTROS Rúa do Freixo, P-53 Pol. Ind. Sete Pontes 27800 Vilalba - Lugo Tel.: 982 831 105 / 609 392 656 recambios@sesacar.com
---	--	---	--	--



O tecido empresarial pide un reparto xusto dos fondos de transición

Seara e Cohempo, en representación do tecido empresarial das Pontes, asinaron esta semana un manifesto no que amosan a súa desconformidade coa aplicación dos Fondos de Transición Xusta en Galicia, nos aspectos relativos á zonificación, criterios e puntuación, e no que lle esixen á Xunta de Galicia un reparto centrado nos municipios que integran os convenios de transición.

Así mesmo, as asociacións empresariais das Pontes solicitan a paralización e revisión das convocatorias impulsadas ao abeiro dos Fondos de Transición Xusta en Galicia para o deseño e posta en marcha dun novo reparto dos mesmos, con investimentos que responsan de xeito xusto e equitativo aos dereitos e intereses dos empresarios e empresarias das Pontes e, por extensión, de toda a veciñanza do municipio.

Este manifesto asinouuse tras manter un encontro co alcalde, Valentín González Formoso e a concelleira de Industria, Ana Pena, no que informaron sobre as accións xudiciais emprendidas desde o executivo local contra o Instituto Enerxético de Galicia (Inega) e o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape), ambos dependentes da Xunta de Galicia, polo reparto dos Fondos de

Transición Xusta.

Así, o rexedor local explicou que desde o goberno municipal se solicitaron medidas cautelares para suspender os prazos das cinco liñas de axudas convocadas polo Inega e o Igape co obxectivo de evitar que os Fondos de Transición Xusta sexan asignados sen ter en conta os concellos afectados polos peches de centrais térmicas.

“A zonificación provincial definida pola Xunta de Galicia outorga unha escasa puntuación aos concellos en transición, deixándonos nunha situación de desvantaxe absoluta con respecto a poboacións que nos están afectadas polo peche dunha central térmica desde As Pontes, concello xerador destes fondos, solicitamos unha discriminación positiva e que os fondos cheguen ao noso territorio, remarcou González Formoso.

Nese sentido, o alcalde das Pontes lembrou que “os fondos de Transición Xusta son fondos de reactivación económica para os concellos afectados polo peche de centrais térmicas. Non entendemos que se asignen estes fondos a municipios que non teñen centrais térmicas, é como destinar os fondos europeos para paliar os efectos da Dana a Asturias, é algo totalmente incomprendible”

As Pontes esixe á Xunta melloras urxentes no IES Moncho Valcarce

O Concello das Pontes, a ANPA Brixeo e toda a comunidade educativa do IES Moncho Valcarce esixenlle á Consellería de Educación un investimento urxente para reparar as graves deficiencias que presenta o centro educativo.

Deste xeito, As Pontes intensifica as reclamacións que desde 2021 vén realizando á Xunta de Galicia, solicitando unha intervención inmediata e global nun centro educativo no que estudan máis de 400 ponteses e pontesas, con 37 anos de antigüidade, con graves carencias que requiren actuacións estruturais urxentes.

“Non podemos seguir esperando por unha intervención, que leva anos aprazándose, e que afecta á seguridade e benestar de toda a comunidade educativa do IES Moncho Valcarce. Un centro que na actualidade non reúne as condicións de habitabilidade, de salubridade, de seguridade e que tampouco cumpre cos requisitos de eficiencia enerxética, apuntan desde O Concello das Pontes, a ANPA Brixeo e o claustro do IES Moncho Valcarce.

Entre os problemas máis destacados atópanse as humidades recorrentes, tanto nas aulas como no polidepor-



tivo, con goteiras e charcos no chan que afecta tamén ao cabreado eléctrico do espazo deportivo.

Alertan tamén de fendas e mofo negro nas paredes das aulas, xanelas que non illan adecuadamente e ademais indican que son necesarias outras actuacións que permitan mellorar a eficiencia enerxética e accesibilidade do centro para adaptar instalacións ás necesidades educativas de 2025 xa que, “non se pode seguir operando cun centro educativo que funciona como se estivésemos na década dos anos 80.”

Tania Pardo, responsable de Educación do Concello das Pontes, subliña que “pese a solicitar, desde o ano

2021, case unha decena reunións coa Consellería de Educación non obtivemos ningunha resposta. É certo que a raíz da presión social, responsables autonómicos achegáronse ata o centro para realizar unha inspección en 2023 e regresaron en febreiro de 2025 , pero seguimos esperando por un compromiso firme co centro así como por algunha actuación concreta. Agradecemos que veñan a coñecer en primeira persoa as eivas do centro pero o IES Moncho Valcarce precisa de reformas urxentes; non poden seguir aprazando unha intervención que afecta á seguridade e benestar de centos de rapaces e rapazas da nosa vila”.

UNIVERSIDADE SÉNIOR



As instalacións da Universidade Sénior en Normal, acolleron o acto de clausura da 7ª edición do Programa de Democratización do Coñecemento, impulsado pola Universidade Sénior da Universidade da Coruña para as persoas maiores de 50 anos das Pontes, coa entrega de diplomas. Un total de 64 persoas maiores inscribíronse para participar neste programa.

Luis Zahera e Palo Campilla actúan nas Pontes o día 9

O humor da personaxe máis chunga da televisión, Luis Zahera, e a gracia doméstica dunha nai con tres fillos, Palo Capilla, chega ás Pontes co show de comedia *Aún + chungo*.

Trátase dun espectáculo cargado de humor acedo e cheo de anécdotas tanto persoais como profesionais. Un conxunto de situacións disparatadas nas que ambos aproveitan para poñerse en ridículo a eles mesmos.

A función será o venres 9 de maio, ás 20:30 horas, no Auditorio Municipal Cine Alovi.

Cuando necesitas energía
limpia y accesible, **él está aquí**

Cree en el Sol

En EDP, creemos que elegir la Tierra conlleva mirar al Sol en busca de soluciones energéticas limpias y accesibles. Porque, cuando elegimos el Sol, elegimos lo mejor para todos.

Descubre cómo ahorrar en edpenergia.es



Adxudican o deseño da nova residencia de maiores das Pontes

A Deputación da Coruña vén de dar un paso decisivo na implantación do seu novo modelo de residencias públicas coa adxudicación do contrato para o deseño do modelo operativo da residencia de persoas maiores do concello das Pontes, que será o centro piloto dun sistema innovador e transformador de atención residencial que a institución provincial pretende desenvolver cunha visión centrada autonomía e na calidade de vida das persoas maiores, inspirado nas experiencias de coidados de quinta xeración que se están a desenvolver nalgúns dos países europeos máis avanzados neste eido, como Dinamarca ou Suecia.

Así o explicou o presidente da Deputación e alcalde das Pontes, Valentín González Formoso, tras a reunión celebrada no municipio na que participaron a deputada de Política Social, Mar García Vidal, a concelleira de Política Social, Tania Pardo Cabarcos e técnicos dos departamentos de Servizos Sociais, Arquitectura e Asistencia a Concellos da institución provincial e da empresa adxudicataria que se encargará da redacción deste proxecto social, no que se definirán con detalle cuestións como o número de prazas e unidades de



convivencia coas que contará o centro, o cadro de persoal necesario, os concertos con outras administracións ou as taxas que deberán aboar os residentes.

O contrato inclúe a elaboración do proxecto social do centro, un plan de viabilidade económica e financeira e os estudos previos do deseño arquitectónico, que sairá a concurso este mesmo ano.

A proposta incluírá tamén un estudo detallado de viabilidade económica e financeira, cunha proxección a dez anos que contempla os custos operativos, os ingresos estimados segundo as tarifas adaptadas á situa-

ción económica das persoas usuarias, co fin de garantir a sustentabilidade do centro sen comprometer a calidade dos coidados nin o acceso universal ao servizo.

A residencia será a primeira dun total de tres centros comarcais que a Deputación prevé construír, sendo os seguintes os de Ordes e Rianxo, nunha clara aposta pola atención de proximidade e a creación dunha rede provincial pública que ofrezca alternativas ás actuais opcións asistenciais, moitas veces marcadas pola masificación, a despersonalización ou uns custos inasumibles para boa parte das familias.

Galardoados ponteses por unha docuserie sobre saúde mental en Galicia

Epidemia Invisible, unha docuserie sobre a saúde mental en Galicia, vén de recibir o premio a Mellor Produción do XII Carballo Interplay celebrado esta fin de semana. Este proxecto impulsado por dous ponteses, o xornalista Román Varela e o filmmaker Alberto da Silva, mesturará testemuñas en primeira persoa e investigación para trazar un retrato fidedigno sobre a problemática da saúde mental en Galicia.

O proxecto foi presentado nun *pitching* de dez minutos, no que competían contra outras cinco propostas finalistas de diversa temática, no que se expuxeron as liñas mestras do proxecto. Trátase dunha proposta documental para tratar o tema da problemática da saúde mental en Galicia mesturando testemuñas e investigación. Entre os obxectivos da serie están rachar co silencio e cos prexuízos arredor das enfermidades mentais cunha linguaxe e formato accesible á vez que se outorga un voceiro ás persoas directamente afectadas por esta problemática cunha visión interseccional.

O xornalista Román Varela sinala que se trata “dunha idea que levaba tem-



po nas súas conversas e atopamos no Carballo Interplay a oportunidade de ter este primeiro impulso necesario para levar a cabo un proxecto tan ambicioso e que involucra a toda a sociedade”. Aproveita tamén para agradecer en nome de todo o equipo, formado por sete persoas de diferentes ámbitos da comunicación, a investigación e a lingua, “a boa acollida que está a ter este proxecto e todo o apoio que nos están brindando para poder sacalo adiante”.

Este premio á Mellor Produción do Carballo Interplay apoia proxectos en desenvolvemento cunha dotación de 3.000 euros que o equipo de Aboa Produtora destinará á produción do mesmo.





Rematan as obras no Poboado da Fraga e licitan as da praza do Barreiro

O Concello das Pontes vén de dar por rematados os traballos da sexta fase do proxecto de mellora de pavimentos e servizos no Poboado da Fraga, cun orzamento total de 162.244,19 euros. A actuación foi financiada con cargo á Deputación da Coruña.

Nesta nova fase, as obras centráronse principalmente na Rúa Maruja Mallo, que grazas a esta intervención presenta xa unha estética e dotación de servizos equiparables ao resto das rúas do poboado. As actuacións incluíron a renovación do pavimento das beirarrúas con lastras de formigón recto e a instalación de bordo de xardín para separar estas zonas das áreas verdes, mantendo a coherencia estética e estrutural coas fases anteriores.

Ademais, levouse a cabo a substitución do sistema de saneamento de augas pluviais por colectores de PVC, así como a execución das acometidas domiciliarias correspondentes. A renovación do alumeadado público tamén foi unha das melloras destacadas, coa instalación de novos báculos e luminarias, así como das canalizacións e cabreados necesarios para o seu funcionamento. Neste proceso, tamén se habilitou unha nova canalización para teleco-

municacións. Os traballos concluíron coa instalación de novo mobiliario urbano, incluíndo bancos e papeleiras, mellorando así a comodidade e funcionalidade dos espazos públicos da zona.

PRAZA DO BARREIRO. Por outra banda, Xunta de Goberno Local aprobou o expediente de licitación do proxecto de reurbanización da Praza do Barreiro, unha actuación cun orzamento de 372.644 euros con cargo á Deputación da Coruña.

O proxecto, que continúa coas actuacións levadas a cabo polo goberno local nos últimos anos, ten como obxectivo incrementar os niveis de funcionalidade, seguridade, accesibilidade, eficiencia enerxética, calidade ambiental e sustentabilidade nesta área de lecer e espaxamento e con tal finalidade crearanse zonas de estanza e reunión así como unha área de xogo, que permitirá a participación, interacción e desenvolvemento de habilidades dos nenos e nenas, introducidas nunha ampla superficie axardinada e vías de tránsito e de comunicación cos edificios que rodean a praza, eliminando as barreiras físicas existentes e creando itinerarios accesibles.

Habilitarán un local e a subestación como arquivo histórico mineiro

O Concello iniciará os trámites para habilitar un antigo inmoble da rúa Calvo Sotelo e a subestación como arquivo histórico mineiro e albergar toda a documentación dúas compañías Calvo Sotelo e Endesa, que explotaron a mina de lignito pardo. Así, o executivo local solicitará a Endesa a cesión do inmoble, situado na entrada do municipio, na AC-861, para evitar a súa demolición, mellorar a súa estética e para albergar as máis de 300 caixas de documentación empresarial e industrial cedidas xa pola empresa eléctrica ao Concello das Pontes así como os múltiples obxectos e elementos históricos procedentes da mina que, na actualida-

de, custodia o concello en diversos inmobles de titularidade municipal. O rexedor local, Valentín González, apunta que “para nós hai elementos patrimoniais que quedan da antiga Calvo Sotelo, como é este edificio, despois foi reutilizado por Endesa como centro de informática, e como o antigo transformador da Calvo Sotelo que poden ter un uso útil e práctico para o Concello. Podemos empregalos como arquivo histórico do complexo mineiro eléctrico que na actualidade está localizado en diversas ubicacións e deste xeito poderemos telo centralizado”. Por outra banda, o Concello traballa na elaboración dun convenio

con Endesa para recepcionar toda a documentación que aínda está en posesión da empresa para, posteriormente, avanzar na recuperación, organización e conservación de todos os fondos documentais existentes e poder constituír un arquivo histórico local da minería. Desde o Concello das Pontes afirman que con esta iniciativa o que se busca é poder “asegurar o coñecemento e a difusión da cultura mineira na vila e poñer a disposición da investigación unha documentación moi importante para o estudo da industrialización en España e sobre todo, nun sector determinante para a economía durante o século XX.

A praia do Lago será un espazo sen fume a iniciativa da AECC

A Asociación Española Contra o Cancro formalizaron co Concello a sinatura dun convenio de colaboración para a creación dun Espazo Sen Fume no municipio: a Praia do Lago. A iniciativa enmárcase dentro da campaña Espazos Sen Fume promovida pola Asociación, que busca protexer a saúde pública e concienciar sobre os perigos do tabaco e dos novos dispositivos de vapeo.

O convenio asinado entre o Concello das Pontes e a Asociación Española Contra o Cancro terá unha vixencia de dous anos e contempla a realización de diversas accións para fomentar o abandono do consumo de tabaco e de vapeo no municipio. Para dar visibilidade ao novo espazo, instalouse sinalización específica na zona por parte do Concello que foi presentada o sábado, 3 de maio,



contando coa participación de Tania Pardo Cabarcos, concelleira-delegada da Área de Benestar Social e representantes da Xunta Local da Asociación Española Ademais, dispúxose dun “Córner Sen Tabaco” como punto informativo no que se distribuíron materiais divulgativos

sobre os efectos nocivos do tabaco e dos dispositivos electrónicos, acompañado de dinámicas interactivas dirixidas a todos os públicos. Desde a Asociación Española Contra o Cancro, recordan que o tabaco é responsable de 1 de cada 3 casos de cancro.

¡Para todo lo que tu automóvil necesita!

Reparaciones Carlos, s. L.

Xermar, 2 - 27377 COSPEITO (LUGO)
Tel.: 982 503 356 - Móvil: 660 476 319
jcpenelas@bosch-bcs.com

MOBILIARIO PARA O TEU FOGAR
Especialistas en moble modular e agora tamén
DESEÑAMOS A TUA COCIÑA.

PLAMOBLE

Avda. Terra Cha, 35-37 - Vilalba

INFANTA ELENA

A Deputación transforma o principal acceso á cidade cun investimento de 1,3 millóns

As obras que acaban de arrancar permitirán completar 2,7 km cunha actuación moderna, sostible e pensada para a veciñanza

O novo tramo mantén o modelo xa implantado nas fases anteriores, cun deseño urbano que prioriza a seguridade e a mobilidade sostible

A cidade de Lugo continúa a súa transformación urbana cara un modelo máis sostible, accesible e orientado ás persoas, grazas ao impulso decidido da Deputación de Lugo, que vén de poñer en marcha unha nova fase das obras na Avenida Infanta Elena, a principal vía de entrada e saída da cidade pola súa zona norte. Esta nova actuación suporá un investimento de 1,3 millóns de euros, que permitirá completar os últimos 456 metros da avenida, entre a Glorieta de Garaballa e a de Benigno Rivera. Con este novo tramo, a Deputación culmina un ambicioso proxecto no que leva investidos 2,445 millóns de euros, e que abrangue a renovación integral dos 2,7 quilómetros de lonxitude da avenida, converténdoa nun acceso moderno, funcional e seguro, adaptado ás necesidades da cidade actual.

“Será un acceso espectacular, o mellor que vai ter a cidade de Lugo e onde máis falta fai



pola afluencia de tráfico. Unhas actuacións que eu espero que estean rematadas nos meses de outubro ou novembro”, afirmou o Presidente da Deputación, José Tomé Roca, durante a visita institucional que realizou acompañado do Alcalde de Lugo, Miguel Fernández Méndez, coincidindo co arranque das obras.

Un deseño pensado para as persoas e o futuro

O novo tramo mantén o modelo xa implantado nas fases anteriores, cun deseño urbano que prio-

riza a seguridade e a mobilidade sostible. A intervención contempla dúas plataformas de calzada de 10,25 metros de ancho cada unha, que permitirán tres carrís de circulación por sentido, o que facilitará o tráfico fluído nunha das zonas con maior densidade de vehículos da cidade. Ademais, incluírase un carril bici de 3 metros de ancho, beirarrúas de máis de 4 metros a ambos lados, e tamén mobiliario urbano moderno, árbores, zonas verdes e iluminación LED, favorecendo un espazo público máis amable, accesible e integrador para a cidadanía. Outro dos puntos destacados do proxecto é a renovación completa das redes de abastecemento, saneamento e alumeadado público, tendo en conta as necesidades actuais e futuras da contorna, que podería acoller desenvolvementos urbanísticos máis adiante. “Esta era unha obra moi necesaria para ter unha cidade máis accesible, aberta e dinámica”, destacou o presidente provincial, incidindo na importancia desta actuación nunha área estratéxica da cidade, con gran peso comercial e industrial, pola súa proximidade a espazos como o centro comercial As Termas ou os polígonos industriais da zona. Pola súa parte, o Alcalde de Lugo, Miguel Fernández, puxo en valor o impacto positivo que esta obra terá para a cidadanía: “Estas obras significan seguir avanzando

cara ese modelo de cidade que defendemos: un Lugo aberto, onde se gañan espazos públicos para a veciñanza, e onde se prioriza a seguridade tanto dos peóns como do tráfico rodado”.

Un compromiso firme coa veciñanza

O rexedor municipal agradeceu o compromiso da Deputación de Lugo cun investimento que permitirá dar un salto cualitativo en termos de mobilidade e calidade urbana: “O remate do desdoblamento de Infanta Elena será clave para a mobilidade na zona norte da cidade. Agradecemos o compromiso, a sensibilidade e o esforzo inversor da Deputación nesta actuación”. Con este proxecto, a Deputación de Lugo reafirma o seu papel como institución clave para o desenvolvemento sostible dos concellos da provincia. A aposta por infraestruturas modernas, seguras e pensadas para as persoas é unha das liñas prioritarias de actuación do goberno provincial. O desdoblamento da Avenida Infanta Elena é un exemplo claro de colaboración institucional e de investimento público transformador, que mellora non só a mobilidade e a conectividade da cidade, senón tamén a calidade de vida da súa veciñanza e das persoas que se desprazan diariamente pola zona.



As Olimpíadas Rurais de Galicia volverán en xuño

Xa está aberto un prazo para participar na segunda edición das Olimpíadas Rurais de Galicia, que serán os días 20, 21 e 22 de xuño en Friol. Despois de pechase o prazo para a renovación de equipos da primeira edición, agora abre un novo tempo para dar entrada a novos equipos. O prazo para esta quenda é ata o 31 de maio.

Despois do éxito acadado na primeira edición, a intención do Concello é seguir impulsando esta cita que consistirá en tres días de xogos tradicionais, deporte, gastronomía, música e sobre todo moita diversión. Este ano incorporaranse novos xogos, novos equipos e moitas outras novidades. Cando se presentou a primeira edición explicouse que se considera

desde o Concello que Friol é a localización idónea para este evento, xa que, "ademais de ser un concello rural, tamén ten un núcleo urbano marcado, coas instalacións perfectas para organizar este tipo de actividades: piscina, pavillón, campo de fútbol ou espazo para acampada".

Habilitarase unha ampla zona de acampada e unha zona camper para furgonetas e autocaravanas, aínda que cada equipo é libre de xestionar o aloxamento pola súa conta. A comarca de Friol ten capacidade hoteleira suficiente para dar servizo aos visitantes, contando ademais coa cidade de Lugo a 20 minutos en coche para poder dar hospedaxe a visitantes que non o atopen no propio municipio ou nas casas rurais próximas.

Friol celebra a sétima edición do Friulio, a festa castrexo-romana

O Concello de Friol e a Asociación de Recreación Histórica A Castrola organizan unha nova edición do Friulio, un encontro entre asociacións castrexas e romanas que recrearán durante a fin de semana do 10 e 11 de maio os modos de vida, costumes e crenzas de ámbalas dúas culturas.

Nesta sétima edición volverán participar diferentes asociacións castrexas e romanas chegadas de toda Galicia e tamén de outras comunidades de España, que forman parte activa en eventos de interese turístico galego, nacional ou internacional, como o Arde Lucus ou as Guerras Cántabras.

En total este VII Friulio contará coa participación de máis de 30 asociacións de recreación histórica, música tradicional e divulgación cultural, coa colaboración das asociacións culturais de Friol, contando coa participación directa de máis de 500 persoas entre figurantes e outras funcións arredor desta festa de recreación histórica.

As actividades principais da festa volverán estar situadas en torno ó paseo fluvial, onde se establecerán o asentamento galaico e o campamento romano, grandes reclamos do Friulio e poderán ser visitados desde as 11 da mañá do sábado ata as 8 do serán do domingo.

O programa de actividades inclúe desde a recreación da vida nun castro ata a elaboración do pan e queixo, desfiles de tropas romanas, ou demostracións e obradoiros de teares castrexos, orfebrería, fiado, coiro, tintes tradicionais,



peiteados, tiro con arco, xogos populares e gastronomía castrexa. E pola parte romana tamén veremos obradoiros de medicina, cunñado de moedas e comercio.

O Asedio ao Castro volverá ser un dos momentos máis agardados e espectaculares do Friulio, no que se recreará o asalto das tropas romanas aos castros que existían nas terras de Friol. A continuación deste, o sábado pola noite, celebrarase A loita dos gladiadores, unha das grandes novidades desta edición, xunto con outras actividades como o Adestramento dun Gladiador, a explicación da indumentaria lexionaria ou a exposición de tintes tradicionais.

ESPECTÁCULOS. Outras representacións que se repiten cada ano serán as tradicionais Escaramuza Castrexo-Romana e o Descenso en balsa do río Narla o sábado pola tarde; ou a Liorta polo Tesouro do Castro o domingo pola mañá.

Todas estas actividades levaranse a cabo integramente na vila de

Friol, ocupando diferentes ubicacións como as inmediacións do centro e do paseo fluvial, a avenida de Santiago ou a praza de Andón Cebreiro. Para incentivar a ambientación da vila, desde o Concello de Friol vólvese convocar o concurso de escapatismo e fachadas entre os establecementos públicos e os balcóns das vivendas. Os premios entregaranse durante os actos de clausura o domingo a mediodía, nos que ademais terá lugar un acto moi especial, co nomeamento como Persoeiro de Honra deste VII Friulio de Arturo Vaquero, recoñecido compositor e produtor musical, que xestiona en Friol o estudio de gravación *Abrigueiro*.

A música volverá ter unha grande importancia, coa actuación de diferentes grupos folk en distintos puntos da vila, como Xesta Verde, Tympana Gallaica, Son de Lugh ou Bloco Meigallo. Na noite do sábado celebraranse as actuacións dos grupos Malditos Pendejos e The Nunzias.

San Paio de Narla acolle as Xornadas Pedagóxicas

A Rede Museística Provincial de Lugo celebrará as XXIII Xornadas Pedagóxicas, unha iniciativa consolidada que reforza os vínculos entre a comunidade educativa e os museos. A programación desenvólvese os días 7, 14, 15 e 23 de maio, en dúas das sedes museísticas da rede: o Pazo de Tor e o Museo Fortaleza San Paio de Narla.

O encontro contará coa participación de arredor de trinta profesionais da educación e do ámbito museístico, así como representantes de entidades sociais como Cogami, para compartir proxectos e reflexións sobre o papel dos museos

como motores de dinamización territorial, espazos de educación patrimonial, plataformas dixitais de salvagarda cultural e lugares onde introducir miradas feministas na práctica educativa.

Entre os centros convidados están institucións de referencia como o Museo del Prado, o Museo Massó, o Centro de Arte Fundación María José Jove, ou o Museu d'Història de la Immigració de Catalunya (MhIC). O programa abrangue catro xornadas temáticas, combinando mesas compartidas, conversas, debates, visitas guiadas e actividades culturais.



RESTAURANTE PARRILLADA

O'Adro

COMIDA PARA LEVAR
COMIDAS DE EMPRESA, GRUPOS...

Ven a probar os nosos cocidos

O Adro, Lanzas 27816
VILALBA - LUGO
982 52 58 65 - 626 23 71 56



constru fer

Saneamientos, construcción y ferretería

Avda. Terra Chá 112 - 114 - VILALBA (LUGO)
Telf: 982 511 200

SISTALLO - COSPEITO
Telf: 982 520 133

Visita nuestra nueva tienda online:
www.construfervilalba.com

Preto de 60 nenos e nenas están en idade de acceder á nova EEI

Un total de 59 nenos e nenas son os que están rexistrados en Friol en idade de poder optar a unha praza na nova escola infantil que desde o Concello se está promovendo. Por este elevado número de poboación máis pequena é que dende o Equipo de Goberno se decidiu que había que crear unha Escola Infantil, que o Concello xa está tramitando a execución do proxecto á maior brevidade posible, debido a este aumento de nacementos nos últimos anos.

As familias interesadas en que os seus fillos e fillas accedan a unha praza na Escola Infantil no vindeiro curso teñen todo o mes de abril para facer a prescrición, tendo preferencia, como en cursos anteriores, os nenos e nenas que xa están matriculados no presente curso.

O número de nacementos contabilizados no que vai de este ano e ata a data neste municipio do centro da nosa comunidade é de nove, quedando moitos meses por diante para seguir aumentando a poboación seguindo a liña as-

cendente dos últimos anos.

O aumento de servizos e a mellora da calidade de vida no municipio fan que os datos demográficos continúen mellorando con respecto a anos anteriores.

Outro indicativo do aumento de xente máis nova que está a vivir o Concello de Friol é a subida considerable do alumnado matriculado no CPI Plurilingüe Dr. López Suárez, que sufriu un incremento considerable nas matrículas, e tamén o alumnado que está en idade de comezar neste centro no vindeiro curso 25-26, que serán máis de 20.

O padrón municipal de Friol indica que hai rexistrados 212 nenos e nenas nos últimos dez anos, o que fai unha media de 21,2 nenas e nenos por cada curso, un dato moi positivo tendo en conta a tendencia á baixa da maioría dos concellos rurais do país.

O alcalde de Friol, Jose Á. Santos, indicou que “estes datos son un claro indicativo de que os nosos veciños e veciñas deciden formar aquí as súas familias”.



O centro de atención ao TEA abrirá as súas portas a finais do ano 2026

O centro integral para a atención a persoas con trastorno do espectro autista (TEA) situado en Friol abrirá as súas portas a finais do ano 2026. Así o anunciou a directora xeral de Persoas con Discapacidade, Begoña Abeijón, na Comisión de Sanidade, en resposta ao PPdeG.

Explicou que está previsto que as obras rematen en xuño de 2026 e unha vez completado o equipamento do centro, espérase que poida comezar a súa actividade nos últimos meses do ano.

O proxecto, que estará xestionado por Aspanane, contará cun edificio de 3.200 metros cadrados distribuídos en catro plantas. O soto al-

bergará os servizos comúns, como a cociña, lavandería, vestiarios, garaxe e salas de instalacións. Na planta baixa situaranse os talleres, unha aula de psicomotricidade, salas de reunións e as áreas administrativas. As dúas plantas superiores acollerán tres módulos autónomos de oito persoas por planta, cunha capacidade total para 48 usuarios, e algúns módulos estarán destinados ao respiro familiar.

En Galicia estímase que hai unhas 27.000 persoas con este trastorno, e segundo estudos recentes, unha de cada 50 persoas en España pode presentar trastorno do espectro autista.

Véndese unha nova parcela no polígono da Gándara

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, asinou a compra venda dunha nova parcela no polígono da Gándara, no Concello de Friol. Trátase da parcela número 11 que foi vendida á empresa Daniel Santos Dablanca, dedicada á reparación de maquinaria, por un importe de 33.412 euros.

Deste xeito, neste polígono a institución provincial ten vendidas 30 parcelas, das 55 existentes, quedando libres 25 parcelas.

José Tomé asegurou que, con esta nova operación, “conseguimos superar o 50 % da ocupación no parque empresarial friolés, favorecendo o asentamento de novas empresas e contribuíndo ao impulso da actividade económica na nosa provincia”. O Polígono da Gándara conta cunha superficie de 91.000 metros cadrados de solo urbano industrial, dos que uns 38.000 m² permanecen dispoñibles para a implantación de novos proxectos empresariais.

Esta infraestrutura continúa a consolidarse como un espazo estratéxico para o desenvolvemento económico e industrial da comarca, pola súa situación privilexiada, preto da cidade de Lugo e ben comunicada con outros puntos da provincia.



AXUDAS|20 LEADER|25

PRAZO DE SOLICITUDES ABERTO
ATA O DÍA 30 DE MAIO DE 2025

MÁIS INFORMACIÓN:
GDR TERRA CHÁ

www.terrachanaturalmente.org

Rúa Carmiña Prieto Rouco s/n
27800 Vilalba
terrachanaturalmente@gmail.com
982 512 369 / 982 523 013



Celebrarase o 24 a nova edición da Romaxe Artesá da Chaira

O Concello de Muras ten previsto celebrar o día 24 de maio a unha nova edición, a novena, da Romaxe Artesá da Chaira, unha festa na que se busca a reivindicación dos oficios tradicionais e sobre todo a dinamización do medio rural como lugar de creación de vida.

A organización xa presentou o cartel, que foi deseñado polos alumnos e alumnas do CEIP Antía Cal da localidade.

lidade.

O Concello aínda está perfilando a programación, na que figuran moitas das actividades que se celebraron en anos anteriores.

As previsións son que haberá exposición de artesanía, xogos tradicionais, demostracións en directo dos diferentes artesanías, charlas e música. Tamén acostuman facerse obradoiros para adultos e para nenos.

O Concello fará a recollida de plásticos de silos do 12 ao 16

O Concello da Muras pon en marcha a recollida de plásticos de silos. A recollida será nos mesmos lugares que o ano pasado entre os días 12 e 16 de maio.

Os plásticos deberán estar depositados nun lugar de fácil acceso para o vehículo de recollida, sen atrancos que a entorpezan ou ralenticen e

dentro da explotación. Non se poderán depositar en bens de uso ou dominio público, lembrando a prohibición de depositalo nos contedores de lixo ou ao seu carón. Os plásticos deberán ir limpos de terra (só plásticos de silo, non se aceptarán nin cordóns, nin garrafas, nin calquera derivado da actividade agrícola).

CARGADOIRO DE POLDROS



O Concello habilitou de novo un cargadoiro no recinto habitual da Feira do Poldro na Gañidoira a través do cal un total de 56 poldros foron cargados e enviados a Navarra nunha iniciativa pioneira no termo municipal. Esta iniciativa enmárcase dentro do programa municipal da Marca Muras e permitirá aos veciños interesados vender os seus poldros para recría.

A abstención do PP permite desbloquear o pago de facturas

O goberno do BNG de Muras logrou desbloquear o pago de facturas pendentes a provedores por un total de 381.869,49 euros, tras un ano de bloqueio. A abstención do PP foi clave para aprobar a medida, xa que o PSOE e o edil non adscrito votaron en contra.

A portavoz popular, Eugenia Requeijo, explicou que era urxente pagar traballos xa realizados e criticou que “por intereses partidistas se estivera freando este proceso”. Requeijo tamén lamentou que non se puideran aprobar outras propostas, como a convocatoria de axudas para asociacións locais, presentada en situación de urxencia. A iniciativa buscaba repartir fondos entre entidades que xa presentaran proxectos, pero non saíu adiante ao non contar co apoio do resto dos grupos.

Pola súa banda, o edil non adscrito, Julio Díaz, xustificou o seu voto negativo denunciando supostas irregularidades e unha xestión “pouco transparente”. O PSOE tamén votou en contra, criticando a exclusión de certas asociacións e pedindo un reparto máis amplo das axudas. Desde o BNG defenden que seguirán traballando para evitar que a política “paralice o funcionamento do Concello” e insisten en que é necesario facilitar os pagos e apoiar o tecido asociativo local.

PP. O PP de Muras reitera ao alcalde que “reconsidere” a proposta para manter reunións co Grupo Municipal Popular para abordar temas de interese para o municipio e os seus veciños e veciñas.

Solicitan formalmente que “o alcalde poña data, canto antes, a unha



reunión co Grupo Municipal Popular para abordar, entre outros temas, ideas para impulsar as feiras e eventos anuais que se celebran no noso municipio” como a Feira do Poldro, a Feira do Mel ou a Romaxe Artesá que “precisan un xiro importante”. Tamén urxen que o goberno local abone as axudas municipais a todas as asociacións do concello, “incluíndo as sociedades de cazadores e a ANPA”, segundo puntualizan.

PSOE. O Grupo Municipal Mixto presentou unha petición ao Concello para a adecuación e limpeza da área recreativa da Veiga, “un dos espazos máis queridos polos veciños e veciñas do municipio”. Segundo denuncian, a situación actual deste espazo presenta un evidente estado de abandono, cun deterioro que afecta tanto aos equipamentos como ás instalacións municipais.

A portavoz do grupo, María Jennifer Gómez Galego, lembra que se achegan datas de alta afluencia á área recreativa por mor da celebración de eventos como a Romaxe Artesá, as Festas Patronais de San Pedro, a

Ruta Cabalar de Atila, os campamentos de verán ou a apertura da piscina municipal. Por este motivo, considera necesario que o Concello conte cun plan de mantemento e limpeza durante todo o ano, e non só en datas sinaladas.

NON ADSCRITO. O Pleno aprobou unha moción presentada polo concelleiro non adscrito Julio Díaz Díaz coa que se insta ao Concello a adquirir a parcela onde actualmente se celebra a tradicional Feira do Poldro e do Gando do Monte. A proposta contou co voto favorable do PSOE e coa abstención do PP e do BNG. Julio Díaz defende que o recinto da feira, situado no Monte da Gañidoira, é unha parcela de titularidade privada (parcela catastral 46 do polígono 46) que representa un enclave ideal para este evento pola súa proximidade á estrada N-540 e polas dimensións e vexetación da finca. Porén, alerta de que as talas recentes de piñeiros realizadas polos actuais propietarios afectan negativamente ao uso público do espazo e á súa paisaxe, comodidade e seguridade..

ebus
OBRADOIRO DOCE

Rúa Campo de Puente 65 baixo
VILALBA
T: 982 523 499 / 623 552 876
ebusobradoirodoce@gmail.com
Facebook: EBUS Obreroiro Doce

TA TECNOAGRI
Maquinaria Agrícola e Forestal S.L.

DeLaval

Avenida de Outeiro de Rei, 57 - Castro Ribeiras de Lea
Teléfono: 982 330 465

O Castro de Viladonga volverá ter un campo de voluntariado

O Diario Oficial de Galicia publicou a convocatoria da nova edición do programa Conecta co Voluntariado en Galicia, unha iniciativa da Secretaría Xeral da Emigración, en colaboración coa Dirección Xeral de Xuventude e da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Lingua e Xuventude, destinada á mocidade galega do exterior co obxectivo de facilitar o contacto coa realidade galega, o coñecemento da súa contorna e a convivencia con outras persoas de distintas procedencias, a través da participación en actividades de voluntariado cultural e medioambiental.

Nesta edición de 2025, a Xunta convoca un total de 50 prazas, das cales 40 resérvanse para mozos galegos

residentes no exterior e 10 para residentes en Galicia. O programa desenvolverase entre o 26 de agosto e o 6 de setembro, e as persoas participantes poderán elixir entre dous campos de voluntariado: un de carácter ambiental e outro cultural. En todo caso, tamén poderán manifestar o seu interese en participar na opción non elixida no caso de non resultar adxudicatarias dunha praza no campo escollido e quedar vacantes no outro.

O campo de voluntariado cultural levarase a cabo no castro de Viladonga, no concello lugués de Castro de Rei, onde as persoas participantes colaborarán co equipo de escavación e conservación deste xacemento.

As persoas interesadas deberán ter entre 21 e 30 anos a 20 de xullo de

2025, ter nacido en Galicia ou ser descendentes de persoas emigrantes galegas, posuír nacionalidade española e estar vinculadas a un concello galego a través do Padrón de Españóis Residentes no Estranxeiro (PERE) cunha antigüidade mínima de tres meses contados desde o día da publicación da convocatoria no DOG. Ademais, deberán carecer de discapacidades que lles impidan viaxar ou participar con normalidade nas actividades.

O prazo de presentación de solicitudes estará aberto ata o 26 de maio de 2025. As solicitudes deberán presentarse preferiblemente por vía electrónica a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou en entidades colaboradoras.

Margarita Ledo recibe en Barcelona o premio Letras Galegas Vivas

A Biblioteca Sabela Labraña, pertencente á Asemblea Cultural Galega de Barcelona, homenaxeou a figura da cineasta, xornalista, feminista e activista Margarita Ledo Andión coa entrega do II Premio Letras Galegas Vivas, recoñecemento que destaca o compromiso coa lingua e a cultura galegas.

Como parte das actividades arredor do galardón, o pasado 25 de abril proxectouse no cinema Maldà de Barcelona a película de non ficción *Nación* coa presenza da directora,

Margarita Ledo. A proxección dedicouse postumamente a Nieves Pérez Lusquiños, protagonista do filme, falecida o pasado 16 de abril. Estreada no ano 2020, *Nación* relata a incansábel loita laboral das traballadoras da fábrica de cerámica da Pontesa (Pontevedra), que pechou no ano 2001, e a súa perseveranza na defensa dos seus dereitos. O documental complementase con innúmeros fragmentos de memoria colectiva das mulleres silenciadas.

A película foi premiada no Festival



de Cinema Europeo de Sevilla en 2020 e distinguida polo Instituto da Cinematografía e Artes Audiovisuais (ICAA) como obra "especialmente recomendada para o fomento da igualdade de xénero".

O día 26 no Ateneu Roig, sede da asociación, realizouse o acto de entrega do premio.

O día 10 será a Noite dos Museos con actividades

O vindeiro sábado, 10 de maio, o Museo do Castro de Viladonga únese á celebración da Noite dos Museos cun programa repleto de actividades pensadas para todos os públicos. A xornada comezará ás 17:00 horas con xogos tradicionais da man de Xotramu, seguidos ás 18:00 horas polo espectáculo *Rekalde* do grupo A Casa da Troula, que promete encher de cor e alegría o recinto.

A música será tamén protagonista coa actuación, ás 19:00 horas, de Branca Villares e as cantareiras no seu proxecto consoante, unha proposta que combina sonoridades tradicionais cunha visión contemporánea da música galega. Para poñer o broche de ouro á celebración, ás 20:30 horas ofreceranse petiscos, bebidas e queimada, mantendo viva a tradición e o bo ambiente



ata o final da noite.

A actividade está organizada polo Museo do Castro de Viladonga, coa colaboración da Asociación de Amigos do Museo e o Concello de Castro de Rei. A entrada é libre e está dirixida a todo tipo de público, converténdose nunha excelente ocasión para descubrir ou redescubrir o museo nunha das súas noites máis especiais.

Goberno acollerá a II Xuntanza do Rural o sábado 17 de maio

O Campo da Festa de San Martiño de Goberno, no concello de Castro de Rei, converterase o sábado 17 de maio nun punto de encontro para veciñanza e visitantes coa celebración da II Xuntanza do Rural. A cita desenvolverase baixo carpa e dará comezo ás 14:00 horas cun vermú amenizado polo artista Javi Show, momento no que tamén se presentará o programa provincial "Un gusto de rural, un rural de gusto", impulsado pola Área Rural da Vicepresidencia da Deputación de Lugo.

A partir das 14:45 celebrarase un xantar popular cuxo menú incluírá xamón de Porco Celta de Outeiro —aportado pola Área Rural de Vicepresidencia—, empanada variada, paella, sobremesa, bebida, café e licores. Durante a xornada haberá actividades gratuítas para nenos e nenas a cargo de Total Sport, mentres que Javi Show animará tamén a sesión de tarde.

O evento está organizado pola Asociación Veciñal de San Martiño de Goberno.



CORBAR
MAQUINARIA

INNOVACION,
COMPROMISO
Y GARANTIA



CUCHILLA MAÍZ LATERALES ABATIBLES MODELO MEIRA



CUCHILLA MAÍZ MODELO CORISTANCO



ENCAMADORA DE CUBÍCULOS DE 0,7m³, 1m³-1.7 m³ Y 2.1m³



ENCONTRARÁS CUALQUIER TIPO DE RECAMBIO AGRÍCOLA



EXTENDEDOR DE SILO MODELO VIMIANZO CON BOMBOS GALVANIZADOS DE Ø 80/225 E Ø 100/240



RODILLOS AGRÍCOLAS ARRASTRADOS AUTONIVELANTES DESDE 1-2-3- CUERPOS DE 3 A 11 M DE LABOR. TUBOS 711X12, 820X18 Y DE 3000 KG A 8000 KG.

¡CONSÚLTANOS SIN COMPROMISO!

NOVEDAD

www.corbarsil.com

MAQUINARIA AGRÍCOLA CORBAR, S.L. Polígono Ind. O Morelle nave nº 4 - 27614 - Sarria, Lugo // Telf. y Fax: 982 531 463 // corbar@corbarsil.com

San Alberte acollerá a Festa da Fala o domingo 18 de maio

A Asociación Xermolos reafirma unha vez máis o seu compromiso coa cultura galega, facendo da oralidade popular o fío condutor das súas actividades ao longo de todo o ano. Neste 2025, a entidade dedica as súas iniciativas á exaltación das artes orais, cunha programación intensa e diversa que une tradición e innovación.

Neste contexto, Xermolos rende homenaxe a Manuel García, o Capador de Sesulfe, figura central deste ano cultural e protagonista da revista que edita a asociación. O mestre e músico Richi Casás, tamén presente nesta edición especial do ano cultural, é quen transmite ás novas xeracións este himno e outros elementos da nosa identidade, participando en obradoiros e concertos.

A Festa da Fala, o domingo 18 de maio no San Alberte, será o gran encontro desta primavera. Unha romaxe aberta á cidadanía na que interveñen as comunidades escolares e se mesturan música, literatura, gastronomía e artesanía. Desde o 8 de maio haberá foliadas previas en todos os centros: actuacións como a de Lis Latas, profesor da Escola de Música de Xermolos, e as Foliadas en Guitiriz, Teixeira e Parga, converterán a contorna nun fervedoiro de cultura viva.

Durante a Festa, Laura Romero presentará o libro *A culpa foi de Zénzar. 35 anos de rock en galego*, nun ambiente animado pola Escola de Música Tradicional de Xermolos. A cita será tamén un escaparate das publicacións de Xermolos: libros, revistas, cedés e cadernos dedicados á improvisación oral, ás cantigas, ás lendas, á música tradicional e ao patrimonio cultural da Terra Chá e outras comarcas.

Entre as novidades, destaca a estrea do libro de Manolo Castro Santamaría, *A noite que se foi a luz* e, como colofón, proxectarase o documental *A Requecha do Cando*, sobre a poeta Xosefa Cabado, na vindeira Semana do Cine de Roca, en setembro.



O Concello mellora a rede viaria cunha actuación na parroquia de Santa Cruz

O Concello de Guitiriz continúa traballando na renovación da súa rede viaria a través do Plan de Mellora de Camiños 2024-2025.

Na anualidade pasada, 2024, realizouse o aglomerado da estrada que conecta Penabico con Candorco, na parroquia de Santa Cruz, unha zona na que se continuará traballando na presente anualidade. Está previsto que a seguinte actuación na parroquia sexa o aglomerado da estrada de Ixavara, que dará comezo proximamente. O orzamento total destinado a este proxecto ascende a 94.305,88 euros.

Ademais destas actuacións, dentro do Plan de Mellora de Camiños tamén se inclúe a redacción do Estudo da Rede Viaria Municipal, cun orzamento de 12.100 euros. Este traballo xa está en marcha e permitirá contar cunha visión integral das necesidades e prioridades da rede de camiños do municipio.

A alcaldesa de Guitiriz, Marisol Morandeira, explica que “seguimos traballando para mellorar a calidade de vida da veciñanza, facilitando uns accesos máis seguros, cómodos e eficientes no noso territorio rural”.

CENTENARIA



A parroquia das Reixas e todo o Concello de Guitiriz acolleron a celebración da súa veciña, Sara Veres Vázquez, que cumpriu nada menos que 100 anos de vida. Co motivo desta data tan sinalada, a alcaldesa Marisol Morandeira e a concelleira de Integración, Promoción e Servizos Sociais, Sofía Sánchez, achegáronse ata a súa vivenda para compartir con ela este momento.

Instan á limpeza de solares antes do día 31

O Concello de Guitiriz vén de emitir un bando, asinado pola alcaldesa Marisol Morandeira Morandeira, no que se lembra á veciñanza a obrigatoriedade de limpar os solares situados en zonas urbanas de Guitiriz e Parga ante a chegada da temporada estival e o rápido crecemento da vexetación.

Segundo se recolle no bando, a normativa vixente obriga ás persoas propietarias a conservar e manter o solo natural e, de ser o caso, a masa vexetal nas condicións axeitadas para evitar riscos de erosión, contaminación e incendios,

especialmente nas franxas de 50 metros arredor das edificacións.

A alcaldesa subliña que a limpeza debe facerse antes do 31 de maio de 2025 e lembra que, en caso de incumprimento, o Concello poderá realizar estas tarefas de forma subsidiaria e a cargo dos propietarios, sen prexuízo das sancións que puiden corresponder.

O bando foi publicado para o coñecemento xeral da poboación a través do taboleiro de anuncios, da sede electrónica, da web oficial do Concello e das redes sociais municipais.

Convocado o Certame Terra Chá e a XLVI edición do Festival de Pardiñas

A asociación Xermolos de Guitiriz ven de abrir o prazo para o XLVI Certame Terra Chá de creación infantil e xuvenil, un concurso vinculado ao Festival de Pardiñas. Poderán participar obras nas seguintes especialidades: contos, debuxo, poesía, teatro, documentais, fotografía, cómic, murais, grafiti, vídeo-creación, improvisación oral, regueifas e rap.

Haberá dous grupos de premios da mesma calidade e cantidade, uns para os alumnos dos centros educativos da comarca chairega e, os outros, para aqueles que cheguen desde colexios, escolas ou institutos doutras partes de Galicia.

Os galardóns concederanse nos niveis de educación infantil, nos tres ciclos de Primaria, os dous de Secundaria, en Bacharelato e FP. Haberá premios para os tres mellores de cada nivel e especialidade, que se repartirán en material e libros valorados en 100 euros para o primeiro; 60, para o segundo, e 30, para o terceiro. Tamén haberá premios para os traballos colectivos, todos eles con lotes de libros e cedés.

Os interesados en participar no XLVI Certame Terra Chá deberán enviar os seus traballos ás direccións dos centros de ensino ou ben envialos a Asociación Xermolos ou por correo electrónico a xermolos@xermolos.org. Tamén teñen a súa disposición o apartado de correos 4 co código postal 27300 de Guitiriz ou o teléfono 646 413 890. O prazo para enviar as obras estará aberto ata o próximo 31 de maio



e os premios entregaranse o domingo a tarde no XLVI Festival de Pardiñas.

FESTIVAL DE PARDIÑAS. A Asociación Xermolos, organizadora do histórico Festival de Pardiñas en Guitiriz, vén de anunciar as datas da XLVI edición deste evento, declarado Festa de Interese Turístico Galego.

Este ano 2025, o festival desenvolverase durante os días 1, 2 e 3 de agosto, mantendo o seu espírito tradicional e a súa ampla variedade de actividades culturais.

Segundo informan desde a organización, a programación será semellante á do ano pasado, combinando música, tradición e participación popular.

Así, o festival contará con actuacións musicais, cantos de taberna, mostra de artesanía, carreira popular, exposición de instrumentos de música tradicional, obradoiros, espectáculos infantís e moitas outras propostas para todos os públicos.



pol

O Pleno aproba a rehabilitación integral da reitoral de Suegos

O Concello de Pol vén de aprobar, nunha sesión plenaria extraordinaria, o proxecto técnico básico para a rehabilitación da antiga casa reitoral de Suegos, un inmoible de titularidade municipal que o goberno local ten intención de converter nun centro social. A proposta, impulsada polo executivo socialista, saíu adiante cos votos do equipo de goberno e coa abstención dos grupos da oposición (PP e BNG). O alcalde, Lino Rodríguez Ónega, explicou que se pretende iniciar os traballos “canto antes”, aínda que o proxecto contou co informe desfavorable de Intervención.

A voceira do PP, Nicole Grueira, xustificou a súa abstención alegando a mala situación económica do Concello. Criticou que o proxecto require un investimento de máis de 170.000 euros, dos cales o Concello debe achegar 81.000 —unha cantidade que, segundo ela, non se sabe de onde se vai sacar—, ademais de prever unha segunda fase cun custo adicional de 90.000 euros. “Van comezar a obra para deixala a medias, como xa pasou noutras ocasións”, advertiu.

Desde o BNG tamén se amosaron críticos. Blanca Fernández, portavoz nacionalista, sinalou que “falta planificación” e cualificou a proposta como “unha obra faraónica sen consenso veciñal”. Tamén apuntou ao informe negativo de Intervención como motivo da abstención.

O proxecto conta cunha subvención de 195.000 euros a través dos fon-



dos Next Generation e do Programa de Impulso para a Rehabilitación de Edificios Públicos (PIREP Local). A achega municipal é obrigatoria para acceder aos fondos.

Os traballos previsitos incluírán o apuntalamiento, consolidación, reforzo e substitución de elementos estruturais, pechando o baleiro central cun patio exterior cuberto. Tamén se mellorará a envolvente térmica, renovarase toda a carpintería e instalaranse paneis fotovoltaicos e unha caldeira de biomasa. A recuperación da auga da chuvia permitirá que o edificio sexa autosuficiente enerxeticamente durante boa parte do ano. Na parte traseira do inmoible prevese a construción dun invernadoiro, como parte da recuperación dun espazo degradado e co obxectivo de empregar recursos vexetais como “elementos bioclimáticos”.

O rexedor indicou que, se non hai atrancos, as obras poderían comezar en outubro deste ano. O obxectivo

desta obra é por unha parte ofrecer un acceso a servizos culturais e sociais á veciñanza de Suegos e pola outra traballar no mantemento e renovación do parque inmobiliario en concellos rurais ou con moi baixa densidade de poboación, como é o caso de Pol.

A casa de Suegos, situada no lugar de Vigo, está en desuso desde os anos 90 e para dar cabida ao equipamento social que serva aos veciños como punto de control, reunión e acceso ás novas tecnoloxías, farase unha actuación integral, que ademais de poñer atención en cuestións de eficiencia enerxética, centrarase na accesibilidade, a conservación e a habitabilidade da construción.

“Estas actuacións beneficiarán directamente aos máis de 1.600 veciños e veciñas que viven neste municipio, que contarán cun novo local social que servirá como punto de encontro e reunión”, explican desde o Concello.

PRESENTACIÓN DE MANUEL VÁZQUEZ



O poeta e novelista Manuel Vázquez, natural de Albar, Valonga, presentou no Vello Cárcere de Lugo a súa obra *Maldita eternidade*, gañadora do VI Premio Eduardo Pondal. O evento congregou a un numeroso público que se achegou para coñecer de primeira man esta nova proposta literaria, cargada de compromiso social e fonda sensibilidade poética.

Adxudican as obras da LU-P-1611

A Deputación aprobou a licitación de obras da estrada entre Pol e Castroverde cun investimento de máis de 650.000 euros para un tramo de algo máis de 1,3 quilómetros do cinto comarcal, a LU-P-1611. Os traballos afectarán ao treito que vai do punto quilométrico 106,5 ao 107,8 e consisten na reconstrución da ponte no Azúmara, na pavimentación con aglomerado en quente, a sinalización e a plantación de árbores, entre outras medidas ambientais. O prazo de execución destes traballos é de 9 meses desde o inicio das obras.

Avda. da Terra Cha 80, Vilalba
 Piso | 3 Dorm | 2 Baños | 110m² **80.000€**
 En Vilalba (Lugo), se vende piso de tres dormitorios y sala, dos baños, cocina amueblada. La vivienda dispone de calefacción de gas ciudad, ascensor, garaje y trastero en el bajo cubierta. Se sitúa en el número 104 de la avda. Tierra Llana de Vilalba, justo por encima de la calle que lleva al cuartel de la Guardia Civil.

Calle Mondoñedo 15, Vilalba
 Casa / Chalet adosado | 5 Dorm | 2 Baños | 166m² **80.000€**
 En Vilalba (Lugo), se vende vivienda unifamiliar adosada, de cinco habitaciones y sala, dos baños, cocina y dos trasteros. Dispone de calefacción de gasoil. La casa, además de la entrada principal, dispone de otra entrada por detrás.

Mondoñedo, Vilalba
 Piso | 4 Dorm | 2 Baños | 140m² **95.000€**
 En Vilalba (Lugo), en concreto en la esquina de calle Mondoñedo con calle de la Feria, se vende un piso cuarto muy amplio, de cuatro habitaciones y sala, dos baños y cocina. Dispone de calefacción de gas, una plaza de garaje en el mismo edificio, trastero en el bajo cubierta y ascensor.

Travesía dos Castros, Vilalba
 Piso | 3 Dorm | 1 Baño | 132m² **70.000€**
 En Vilalba (Lugo), en calle céntrica, se vende piso segundo, sin ascensor, de tres dormitorios y sala, cocina, un baño y una amplia terraza cubierta. Además del piso, la propiedad también podría vender con el mismo, el bajo del edificio de unos 105 metros cuadrados útiles, si es que al comprador le interesase y se llegase a un acuerdo en el precio.

Calle Lameirón, Vilalba
 Terreno / Urbano (solar) | 650m² **90.000€**
 Se vende solar edificable con 12,65 metros de fachada. La edificabilidad es bajo más 3 plantas más ático. También es posible rehabilitar las viviendas existentes en el frente del solar y hacer una vivienda unifamiliar con terreno a la espalda.

Calle Campo de Puente 9, Vilalba
 Edificio residencial | 476m² **200.000€**
 En Vilalba (Lugo), se vende edificio céntrico, a reformar, de planta baja, sótano, dos pisos y un bajo cubierta. A sus espaldas tiene un terreno de unos 100 metros cuadrados, en el que hay una construcción en mal estado de 34 metros cuadrados. La edificabilidad de la zona es planta baja y cinco pisos más ático.

Campelos, Vilalba
 Finca rústica | 7 Dorm | 2 Baños | 380m² **340.000€**
 En la parroquia de Carballido, municipio de Vilalba (Lugo), se vende vivienda rústica, de unos 380 metros cuadrados, repartidos en dos plantas y bajo cubierta. Ideal para casa de turismo rural, se encuentra cerca del camino de Santiago. En la planta baja está la cocina, la sala, un baño y el garaje; en la planta primera, hay siete habitaciones y un baño y el bajo cubierta tiene unos 80 metros cuadrados corridos. A mayores, en la finca hay un alpendre de unos 86 metros cuadrados y un hórreo.

Penelas, Vilalba
 Terreno / Urbano (solar) | 288m² **50.000€**
 Se vende solar de 8 metros de frente a la calle Penelas y ocho metros de frente a la Travesía del Chalet de Crespo en la parte trasera. Su edificabilidad es bajo y tres alturas, con un mínimo de bajo y dos alturas.

LU-861 13, Vilalba
 Terreno / Urbano (solar) | 1.034m² **22.000€**
 En el Carrizo, parroquia de Santaballa, municipio de Vilalba (Lugo), se vende parcela edificable, en la que se puede hacer una vivienda unifamiliar de planta baja y piso. La finca se encuentra cerca de la Charca del Aligal y aproximadamente a un km de la autovía Ferrol-Vilalba.

Francisco Javier Roca Edreira • María Dolores Prado Rouco
Matrimonial - Herencias - Tráfico - Inmuebles
Comunidades - Penal
 Plaza de Suso Gayoso nº 14.- Bajo.- 27800 Vilalba (Lugo)
 Carril de Catasol nº 1.- 1º A.- 27002 (Lugo)
 Tfños.: 982 510 257 - 600 828 720
www.rocabogados.info
www.inmobiliariajroca.es

- CONSULTORIO DE MASCOTAS E CLÍNICA DE ANIMAIS DE GRANXA
CO ANUNCIO RECORTADO 10% DE DESCONTO EN VACINAS E MICROCHIPS

R/ Gabriela Nieto Chaín, nº 20
 (O Ramal) Rábade
 Telf. 982 871 103

URXENCIAS
24 HORAS

O BNG quéixase do estado “de abandono” da piscina municipal

O Bloque Nacionalista Galego vén de rexistrar unha nova queixa pola “grave situación” que atravesa a piscina municipal, “abandonado continuado por parte do goberno local do Partido Popular. As deficiencias son múltiples e afectan de forma directa ao benestar e á seguridade das persoas usuarias”, indica.

A concelleira di que unha das queixas máis recorrentes é a baixa temperatura da auga e do recinto, que dificulta e incluso impide o uso normal da instalación, especialmente no caso das persoas maiores ou con necesidades especiais. “Tamén os vestiarios carecen dunha temperatura adecuada. Ademais, constatamos que a maior parte das máquinas do ximnasio están fóra de servizo, a pesar de que, tras unha anterior denuncia do BNG, o alcalde prometera renovar parte da maquinaria. Esa renovación segue sen chegar, e o desdixido das instalacións continúa avanzando”, remata.

Convocada para o 11 a Festa da Bola de Liscos e as Freces de Bretoña

A Asociación de Amigos da Feira de Bretoña anunciou que a XIV edición da Festa da Bola de Liscos e das Freces de Bretoña terá lugar finalmente o domingo 11 de maio, no concello da Pastoriza, continuando coa recuperación da mesma.

Trátase dunha celebración que busca ser declarada Festa de Interese Turístico de Galicia e que organiza a Asociación de Amigos da Feira de Bretoña.

A comisión adiantou xa que o sábado 10 haberá polbo e festa verbena co grupo Los Key. Así mesmo, xa se coñece a pregoeira, que será Modesta Campo Valiña, mestra xubilada do colexio de Bretoña e agora responsable da Asociación Española contra o Cancro.



Na edición do ano pasado repartíronse unhas 200 bolas de liscos e de 800 racións de freces entre os asistentes a este evento que desbordaron as previsións.



A Biblioteca Ángel Basanta entrega os premios do I Concurso de Tatuogramas

A Biblioteca Municipal Ángel Basanta, situada na Pastoriza, celebrou a entrega de premios do I Concurso de Tatuogramas, un certame que destacou a creatividade e o talento dos participantes. Os premios foron entregados nas dúas categorías establecidas: A e B.

Na categoría A, o primeiro premio foi para Valeria Rodríguez, quen se levou un curso de karts. A segunda posición foi para Antía Gómez, que tamén gañou un curso de karts, mentres que a terceira posición foi para Aroas Iglesia, quen recibiu un libro como recoñecemento ao seu traballo. Hugo Martínez tamén foi premiado cun accésit pola súa participación no concurso.

Na categoría B, os premios foron outorgados a Antía Expósito e Noa Gómez, que foron recoñecidas cun lote de libros por parte do xurado, que estivo composto polas mestras Begoña Vidal, Noelia Fraga, Matilde Elena Arrizado, e a auxiliar de Biblioteca María López.

O evento foi unha gran oportunidade para amosar a creatividade dos máis pequenos e promover a lectura e as artes plásticas entre os mozos da localidade.

LETRAS GALEGAS. A Biblioteca Ángel Basanta, do concello da Pastoriza, convoca un certame de narración e debuxo infantil con motivo do Día das Letras Galegas. Están convidados a participar todos os nenos e nenas que estudan no concello que poden presentar todos os traballos que desexen co tema Ler con coñecemento. As redaccións non excederán dun folio por unha cara e os debuxos serán en papel DIN A4.

Os traballos deben ser entregados na biblioteca municipal antes do 12 de maio. Establécense tres categorías, ata os 8 anos, de 9 a 11 anos e de 12 a 16 e de cada unha escolleranse tres premiados.

Os gañadores da fase local poderán participar na fase provincial do certame, convocada pola Biblioteca Pública de Lugo.

EN BREVE

PAI. O Concello da Pastoriza ten aberto ata o 16 de maio o prazo de solicitudes para a reserva de praza no punto de atención a infancia para o curso 2025/26. A inscrición pode realizarse nas oficinas municipais.

CEA BAILE. A comisión de festas da Pastoriza celebrará unha cea-baile o 9 de maio ás 22:00 horas no local da antiga ladrilleira. Constará con música en directo a cargo

de Martín Carrión, coñecido pola súa traxectoria como vocalista da orquestra Aché. O menú da cea será servido polo catering Sarredo e incluírá entrantes, arroz caldoso, tenreira guisada con patacas, brazo de xitano, viño tinto e branco, café e licores.

PLÁSTICOS. O Concello pon en marcha a recollida de plásticos de silos porta a porta para as explotacións que o soliciten entre os días

19 e 23 de maio. Os usuarios que estean interesados deberán poñerse en contacto co teléfono 982 332 197. Os plásticos deberán estar depositados nun lugar de fácil acceso para o vehículo de recollida, sen atrancos que a entorpezan ou ralenticen e dentro da explotación. Non se poderán depositar en bens de uso ou dominio público, lembrando a prohibición de depositalo nos contedores de lixo ou ao seu carón.

Begonte celebrará a Festa do Maior e a da Xuventude este mes

O Concello organiza unha nova edición da Festa da Terceira Idade o sábado 10 de maio, unha xornada de convivencia dirixida a todas as persoas maiores e xubiladas do municipio. Nesta celebración poderán participar os pensionistas maiores de 65 anos, así como os seus acompañantes, se así o desexan. A programación comezará ás 13:00 horas cunha misa na igrexa parroquial de San Pedro de Begonte. Ás 14:00 terá lugar o xantar no Pavillón Municipal, seguido ás 16:00 horas dunha actuación musical e dun sorteo de agasallos. Os actos pecharanse ás 20:00 horas. Para facilitar o desprazamento, o Concello ofrecerá un servizo de transporte de ida e volta desde todas as parroquias, sendo necesaria a inscrición previa para facer uso do mesmo. O custo por persoa será de 10 euros para os pensionistas empadroados no concello, tanto maiores de 65 anos como menores que teñan recoñecida unha pensión da Seguridade Social por invalidez ou viuvez. Para o resto de participantes o pre-



zo será de 40 euros. Esta celebración busca promover o encontro e recoñecemento das persoas maiores, fundamentais para a vida social e cultural do concello. A seguinte fin de semana a vila acollerá unha nova edición da súa esperada Festa da Xuventude, unha xornada chea de música, deporte, gastronomía e diversión para todas as idades, nun escenario privilexiado

como é o Club Fluvial de Begonte. A programación comezará ao mediodía cunha animada sesión vermú a cargo do Dúo Venus. Pola tarde, a festa continuará con múltiples actividades tanto para maiores como para cativos, entre as que destacan o III Open de Fútbol Concello de Begonte, en colaboración coa Peña Fútbol Bola Meiga; un campionato de tute; unha festa do baloncesto coa presenza de Máximus, a mascota do C.B. Breogán; xogos populares, inchables gratuítos e unha xornada de billar organizada pola Asociación Cultural Castiñeiro Milenario. Ao remate da tarde, os asistentes poderán gozar dunha cea popular que incluírá bebida, empanada, churrasco e chourizo. A noite culminará cunha gran verbena protagonizada pola orquestra Cinema e a Fania Blanco Show, na que tamén participará o artista local Carlos Ceireijo Silvosa. O peche da festa estará a cargo do tamén veciño DJ Ello (Diego Ello), poñendo o broche final a unha xornada festiva pensada para todas as xeracións.



Comeza a plantación de árbores no xardín do Belén

Comezou a plantación de árbores no Xardín do Belén, unha iniciativa do profesor emérito da USC Antonio Rigueiro, xunto co Belén, o CEIP e o Concello de Begonte, que bota así a andar permitindo que os enfeites do Belén se fagan con plantas autóctonas, obtidas nesta superficie arborada, que se sitúa nas inmediacións do colexio e na futura escola infantil. O Concello foi o encargado de achegar un terreo inmediato ao colexio, polideportivo e escola infantil, e realizou os traballos de preparación e delimitación, ademais de facilitar as árbores e plantas que se precisen. Por parte do CEIP de Begonte, un

grupo de alumnos e alumnas, co impulso e control do profesorado e dirección do centro, coidarán o seu xardín e colaborarán no enfeite vexetal do belén e do seu museo. O profesor Antonio Rigueiro, catedrático Emérito da USC, foi premiado no Certame de Xornalismo polo traballo *Begonte do Belén e os enfeites vexetais do Nadal*. En conversa con el, chegouse á conclusión de que sería moi boa iniciativa crear un xardín, no que plantar e coidar especies como acivro femia, loureiro, érbedo e xarda femia, para dispor destas plantas sen prexudicar ás súas poboacións naturais.

Domingo
01/06

III FESTA DA

Torta
de
Millo
DE GUITIRIZ

Artesáns

Música

Xogos populares

Exposicións

Obradoiros

Degustación e venda
da torta de millo de
Guitiriz

Xabier Díaz & Adufeiras de Salitre

A Banda da Loba

concello de
GUITIRIZ

PLAN
DEPUTACIÓN 2025
DE LUGO

Tres parroquias celebran a segunda Xuntanza o día 17

O sábado 17 de maio terá lugar a II Xuntanza das Parroquias de Seixas, O Pino e Vilapene con motivo da festividade de San Isidro, cun completo programa de actividades que se desenvolverán na capela do santo. A xornada dará comezo coa misa solemne ás 13:00 horas, seguida dunha sesión vermú, o xantar popular e unha sesión de tarde amenizada polo Trío Merengue. A data límite para anotarse será o venres 9 de maio, podendo facelo a través de calquera membro das directivas das asociacións organizadoras.

O colectivo Cousas Nosas fai unha viaxe a Santander o 24

A asociación de mulleres rurais Cousas Nosas levará a cabo unha viaxe a Santander os días 24 e 25 de maio. A saída será o sábado 24 ás 7:00 horas diante da Casa do Concello. Ese día inclúe o almorzo durante o traxecto, a chegada ao hotel para o xantar e unha visita á cidade de Santander. O domingo está prevista unha excursión a Santillana do Mar, con posterior xantar e regreso. O prezo por persoa é de 150 euros para socios e 270 euros para non socios, incluíndo o autobús, almorzo do sábado, unha noite de hotel en réxime de pensión completa, guía e seguro de viaxe.

A Torre de Caldaloba segue á espera

Vicepresidencia acusa á Xunta de atrasar a protección do monumento ao recorrer á vía xudicial contra a compra mentres o alcalde defende a xestión “con feitos” e o deterioro desta continúa

A situación da Torre de Caldaloba, no concello de Cospeito, volveu este xoves á actualidade pola falta de acordo entre as tres administracións implicadas —Xunta, Deputación e Concello—, que mantén paralizado desde 2022 o proceso de recuperación deste monumento histórico, declarado Ben de Interese Cultural (BIC) en 1994. A propiedade da fortaleza está dividida a partes iguais entre a Deputación de Lugo e o Concello de Cospeito, tras a compra realizada por ámbalas dúas entidades en 2022.

O vicepresidente da Deputación, Efrén Castro, e a deputada de Cultura, Iria Castro, acusaron á Xunta de Galicia de “dilatarse unha vez máis” a protección e posta en valor deste ben patrimonial ao presentar unha demanda de retracto sobre a compra da parcela na que se atopa a metade oeste da torre e a parte principal do seu sistema defensivo. Esta adquisición foi realizada durante a lexislatura anterior, cando Maite Freireiro era a responsable da área de Cultura.

Segundo explicou Iria Castro, a notificación xudicial recibida “é a primeira nova que tivemos da Xunta desde hai case tres anos” sobre este asunto. A deputada sinala que, de ter existido interese real pola adquisición e conservación da torre, a Xunta podería ter actuado en tempo e forma exercendo o dereito de tanteo ou retracto por vía administrativa, tal e como lle permite a Lei de Patrimonio.



tiva, tal e como lle permite a Lei de Patrimonio.

A VÍA XUDICIAL. Os representantes da Deputación critican que a Xunta optase pola vía xudicial nun momento no que tanto a institución provincial como o Concello estaban dispostos a negociar unha xestión pública unificada da torre, “sempre que fose acompañada dun plan serio de posta en valor”.

Mentres tanto, a Torre de Caldaloba, con máis de 600 anos de historia, segue nun estado de abandono, sen avances na súa recuperación e cun evidente deterioro estrutural. A veciñanza reclama un acordo inmediato entre administracións, ante o risco que supón o estado actual tanto da contorna como da propia fortaleza para os visitantes.

O alcalde de Cospeito, Armando

Castosa, lembra que foi en 2021 cando se iniciou o proceso de estudo e adquisición da torre tras múltiples demandas veciñais e culturais. Afirmar que “o obxectivo sempre foi adquirir o monumento para poñelo en valor”, e insiste en que hai un expediente público que avala o proceso de compra municipal, apoiado economicamente pola Xunta.

A Deputación, pola súa parte, adquiriu a outra metade da torre “a un prezo máis elevado e con certas dúbidas sobre o procedemento”, segundo Castosa. Desde Vicepresidencia argumentan que esa compra se realizou “porque a Xunta non tiña intención de actuar”, e que o seu interese só apareceu despois da operación da Deputación.

Ao tratarse dun BIC, a Deputación non puido completar a inscrición da compra no Rexistro da Propiedade, o

que complica calquera intervención no monumento. A falta de coordinación entre as administracións, acompañada de acusacións mutuas, impide avanzar cara a unha solución definitiva.

“Levamos anos de bloqueo, con silencio por parte da Xunta ante todas as propostas feitas desde Cultura e evasivas políticas, sen responder a ningunha das solicitudes de reunión coa Consellería”, denuncia Iria Castro. Asegura que desde a Deputación actuaron sempre “co obxectivo de incorporar a torre ao patrimonio público e impulsar un proxecto de recuperación e valorización acorde ao seu valor histórico e simbólico para Galicia”.

Ademais, durante 2023, a área de Cultura da Deputación solicitou en dúas ocasións autorizacións á Dirección Xeral de Patrimonio para actuacións de conservación e estudo na torre, sen obter resposta: unha o 23 de febreiro para traballos de estabilización e consolidación, e outra o 5 de decembro para sondaxes arqueolóxicas e instalación de elementos de protección no pozo xunto á fortaleza. Tamén se presentou unha proposta ao programa do 2% cultural do Goberno do Estado cun investimento de 868.000 euros para investigación, conservación e consolidación da Torre de Caldaloba, que foi desestimada en decembro de 2024 debido, segundo denuncian, ao bloqueo institucional existente.

A Moexmu, Milagrosista do Ano

A tradicional gala Milagrosistas do Ano recoñeceu entre outros 19 o labor das comisións organizadoras da Mostra Exposición Moexmu de Muimenta. Este galardón chega superado o 40º aniversario desta feira multisectorial, destacando a súa traxectoria “en beneficio da vida rural” e o seu impacto tanto en Muimenta como na provincia. A entrega tivo lugar no restaurante Manuel Manuel de Lugo aos presidentes de varias das comisións deste longo percorrido, encabezados pola actual, Ana Iglesias Lozano.



CPI VIRXE DO MONTE



Afundación levou o seu proxecto Plantando árbores con pinceis ao CPI Virxe do Monte, onde máis de oitenta rapaces e rapazas elaboraron un mural con pinturas fotocatalíticas anticontaminantes. O artista David Brey, de Vella Escola, foi o encargado de dirixir a creación da obra nun dos muros do centro educativo.



gato con botas

zapatería

C/ Plácida Peña, 8 - Baño
27800 Vilaalba (Lugo)
Telf. 982516550

José Seoane Álvarez - Servicios Agrícolas

Transformaciones agrarias
Desbroces y plantaciones de montes
Servicio de podas



San Lorenzo de Árbol, 13. 27800 Vilaalba. Tels.: 608 306 746 - 679 955 138

SERVICIOS AGROFORESTALES

SEOANE



17 MAIO DÍA DAS LETRAS GALEGAS
DEDICADO ÁS CANTAREIRAS

**QUE SOE
A NOSA
LINGUA!**

 XUNTA
DE GALICIA

Grazas Adolfina, Rosa, Eva e As Pandeireteiras de Mens,
porque sen vós, hoxe non seríamos nós.

A ITV visitará Meira tres veces este mes de maio

A unidade móbil de inspección técnica de vehículos agrícolas estará entre o 19 e o 22 de maio no Concello de Meira, para atender a todos os veciños do termo municipal. Ademais, o día 5 as revisións realizaranse en ciclomotores. Finalmente, entre os días 21 e 27 de maio estarán na localidade para as inspeccións de turismos. A atención ao público será entre as 9:00 e as 13.30 horas e de 15:15 a 18:00, agás os días 5, 22, 26 e 27, que será só pola mañá. A unidade estará situada nos aparcadoiros do Campo do Plantío. Para solicitar cita previa hai que chamar ao teléfono 902 309 000 ou a través da web www.sycitv.com.

Continúa aberto o prazo de participación no concurso de debuxo e poesía Avelino Díaz

Os concellos de Meira e Riotorto teñen convocada a oitava edición do Certame de Debuxo e Poesía Avelino Díaz, aberto a toda a poboación e co obxectivo de lembrar a figura deste representante da cultura na zona. O concurso dividirase en catro categorías de idade, de 3 a 8 anos, de 9 a 12, de 13 a 17 e de 18 en diante. Os máis pequenos só terán categoría de debuxo e os maiores de idade a de poesía e relato curto. Para o resto só será a de poesía. No apartado de debuxo, poderán presentarse obras en formato e temática libre, mais os poemas e o relato curto deberán estar escritos en galego, cunha extensión no segundo caso de entre 1 e 6 folios. Poderán presentarse ata tres exemplares. O prazo de presentación é ata o 17 de maio e o lugar de recollida de traballos é a Asociación Avelino Díaz de Meira. Establécense tres gañadores en cada categoría. Para os máis pequenos os agasallos serán de diplomas, lotes de material escolar ou libros. O gañador na categoría de 9 a 12 anos recibirá un libro electrónico, o da seguinte categoría unha tableta e os adultos terán un premio económico de 500 euros para poesía e tamén para relato. O fallo do xurado darase a coñecer en xuño e a entrega do mesmo terá lugar o día 20 do mesmo mes, ás 19.00 horas, no salón de actos do centro socio-cultural que leva o nome do poeta, situado en Riotorto.



O IES Pedregal de Irimia dá o nome de Ana Cabana a unha das aulas

O IES Pedregal de Irimia viviu hoxe unha xornada moi especial co bautizo dunha nova aula que levará o nome da historiadora Ana Cabana Iglesia. Exalumna deste centro educativo e natural de Pacios, en Castro de Rei, actualmente profesora de Historia Contemporánea na Universidade de Santiago de Compostela, no Campus de Lugo, Ana Cabana converteuse nun referente académico e humano para toda a comunidade escolar. O acto formou parte do proxecto do instituto de recoñecer e poñer en valor figuras femininas destacadas vencelladas ao centro e á contorna. Así, a aula Ana Cabana súmase ás xa existentes en honra a Sonia Villapol, Susana Seivane e Margarita Ledo.

Antes de descubrir a placa conmemorativa, Ana Cabana protagonizou un emotivo e inspirador encontro co alumnado baixo o título *A historia que importa é a túa*, no que destacou a importancia de coñecer e reivindicar as historias persoais no marco da historia colectiva. A súa intervención foi recibida con entusiasmo, emoción e moito interese por parte do público asistente. O nomeamento desta aula representa non só un recoñecemento ao labor profesional de Ana Cabana, senón tamén unha mensaxe de inspiración para o alumnado actual, que ve nos exemplos como o dela un espello no que mirarse e un estímulo para loitar polos seus sonhos.

Avanzan as obras da vía entre Meira e Riotorto

A Deputación de Lugo avanza nas obras de mellora da estrada provincial LU-P-4404, que une Meira e Riotorto desde Riocabo ás Rodrigas. Uns traballos nos que a institución provincial inviste preto de 200.000 euros para acondicionar os tres últimos quilómetros da vía. Este luns comezaron coa extensión do aglomerado tras acometer a limpeza de cunetas e a mellora da drenaxe. As obras afectan concretamente ao treito comprendido entre o quilómetro 15 e o 18,03, no concello de Riotorto, no tramo que vai desde a parroquia de Santa Marta de Meilán, no lugar de Espasande de Arriba, ata a capital do municipio, As Rodrigas.

A semana pasada comezaron os traballos coa reapertura de cunetas, eliminando a vexetación e as acumulacións de terra. Este luns comezaron os traballos de extensión do firme con aglomerado en quente e faltarán o pintado da vía mediante marcas reflexivas brancas e a reposición da sinalización vertical. Trátase dunhas obras importantes para o concello de Riotorto e para a provincia, posto que esta estrada une a zona setentrional da Terra Chá coa Mariña, dando servizo directo tamén aos concellos de Meira e da Pastoriza. Ademais trátase dunha vía que enlaza en Riocabo coa N-640 e nas Rodrigas coa LU-P-5501, polo

REUNIÓN DE EXALUMNOS



Meira acolleu unha emotiva celebración nos barracóns da Praza do Convento, onde se reuniu a primeira promoción de EXB (Educación Xeral Básica) do colexio de Meira para conmemorar os 50 anos desde a súa saída do centro. Ao encontro acudiron 32 dos 36 antigos alumnos que formaron parte daquela histórica promoción.

Expoñen ao público o proxecto para facer dúas pontes

A Confederación Hidrográfica do Cantábrico ten en exposición pública o proxecto de ensanche e mellora da seguridade e da contorna en dúas pontes de vías municipais en Riotorto, que afecta ás marxes e dominio público hidráulico do rego do Machín e do río de Ferreiravella. As obras inclúen a reconstrución de dúas pontes, situadas en Ferrería de Abaixo (sobre o rego do Machín) e en Carboeiro (sobre o río de Ferreiravella), e consisten principalmente na ampliación dos estribos, con execución de cimentación mediante zapata e muro de formigón armado; a construción do taboleiro sobre dúas vigas tamén de formigón armado, e a pavimentación da vía e instalación de barandas de seguridade.

O Concello convoca unha excursión a Bilbao

O Concello de Riotorto organiza unha excursión a Bilbao e San Sebastián os días 15, 16 e 17 de maio, unha oportunidade para coñecer estas dúas emblemáticas cidades do norte de España con todas as comodidades incluídas. A saída terá lugar o xoves 15 de maio ás 15:00 horas desde a gasoleira. Durante o traxecto realizaranse paradas en lugares de interese como Comillas e San Vicente de la Barquera, chegando finalmente a Cabezón de la Sal para a cea e o aloxamento nun hotel. O venres 16 de maio, despois do almorzo no hotel, os participantes desprazaranse a Bilbao, onde

gozarán dunha visita guiada pola cidade e xantarán alí. Pola tarde, viaxarán a San Sebastián, onde se hospedarán no Hotel Silken Amara Plaza tras a cea. O sábado 17 de maio, despois do almorzo, terá lugar unha visita guiada por San Sebastián, seguida do xantar no hotel e o regreso a Riotorto pola tarde. O prezo da excursión é de 250 euros por persoa, con todo incluído. Haberá un total de 50 prazas dispoñibles, con preferencia para os usuarios dos centros veciñais. As persoas interesadas deberán inscribirse cos monitores dos centros veciñais ou no Concello antes do 30 de marzo.

A parroquia de Galegos organiza o I Maratón de Tute

A parroquia de Galegos, en Riotorto, celebrará o vindeiro 11 de maio o seu I Maratón de Tute, unha iniciativa organizada pola Asociación Parroquia de Galegos que terá lugar na Escola de Galegos a partir das 11:00 horas. As parellas interesadas en participar deberán aboar unha inscrición de 100 puntos. Os premios desta primeira edición están calculados para un máximo de 32 parellas participantes. No caso de non acadar ese número, os galardóns reduciranse de maneira proporcional. A clasificación principal repartirá premios de 900, 500 e 200 puntos ás tres primeiras parellas, mentres que na repesca outorgaranse 300 e 200 puntos, así como dúas caixas de viño ao terceiro posto.

a oposición fala

Riotorto

Vanessa Gómez Lourido, de Vilarquide, lidera o BNG, o único grupo, ademais do de Goberno, con representación



DATOS

HABITANTES: 1.179.
PARROQUIAS: 8.
EXTENSIÓN: 66,33 km cadrados.
PARTIDO XUDICIAL: Mondoñedo.
CORPORACIÓN: 6 concelleiros do PP e 3 do BNG.
ALCALDE: Clemente Iglesias González, do Partido Popular.
VOCEIRO BNG: Vanessa Gómez Lourido.

“O esencial para Riotorto é garantir servizos públicos con recursos suficientes e que a residencia financiada con diñeiro público non acabe en mans privadas”

A oposición en Riotorto non se entende sen a figura de Vanessa Gómez Lourido, actual concelleira do BNG e referente dun grupo que mantén unha actividade constante de fiscalización e proposta, malia as dificultades. “O papel da oposición debe ser sempre o de fiscalizar a acción do goberno e facer propostas que melloren a vida das veciñas e veciños”, defende. E engade: “Tamén temos que estar aí para defender os intereses de Riotorto diante doutras administracións cando os problemas que nos afectan superan o ámbito local”. Gómez Lourido fala con paixón e convencemento dun traballo que non considera un sacrificio. “Sempre tiven unha vontade de participación política moi forte e unha identificación co BNG desde moza. O meu traballo permíteme desenvolver esta tarefa, así que non podo dicir que me supoña un sacrificio persoal”.

TRAXECTORIA

A súa traxectoria política comezou hai anos, como suplente na candidatura do BNG no ano 2007. Desde aquela, estivo sempre vinculada á actividade da organización local. “Na universidade reafirmei as miñas ideas: a defensa dos servizos públicos, da lingua e da cultura, a capacidade para decidir sobre os nosos recursos, a igualdade... Todo iso fíxome comprometerme máis co proxecto do BNG”. Actualmente, Gómez Lourido comparte representación na corporación con outros dous membros do BNG, Luis Fernández e María Campo. Lembra con orgullo a etapa de goberno do BNG entre 2007 e 2015,



con Federico Gutiérrez Estoa como alcalde. “Puxéronse en marcha iniciativas moi innovadoras para a época. A Rede de Dinamización Local, por exemplo, permitiu rehabilitar escolas unitarias das parroquias e convertelas en centros de participación veciñal. Tamén se impulsaron mercados estacionais, actividades culturais e servizos como podoloxía ou fisioterapia”. Di que, mesmo no contexto da crise de 2008, aquel goberno “defendeu os servizos públicos fronte aos recortes impostos polo PP dende a Xunta e dende Madrid, mantendo por exemplo a gratuidade do Servizo de Axuda no Fogar”.

OBXECTIVOS

Sobre os obxectivos políticos Vanessa é clara: “Queremos gobernar. A oposición é necesaria para fiscalizar, para propoñer, para representar outras voces... pero para facer os cambios reais que o Concello precisa, hai que estar no goberno ou, polo menos, ter forza suficiente para condicionar as decisións”. Nese sentido, sinala que o BNG estaría disposto a pactar con outras forzas, pero sempre “en función das propostas políticas, do contexto e con forzas progresistas”. As principais necesidades do municipio, di, pasan por manter os servizos públicos básicos cunha dotación suficiente de persoal e recursos. “Estamos moi pendentes da situación do centro de saúde, e tamén do futuro da residencia de maiores que se está a construír. Para nós é fundamental que sexa de xestión pública e que a Xunta asuma as súas responsabilidades. Unha residencia feita con fon-

dos públicos non pode acabar converténdose nun negocio privado”. Outra das preocupacións do BNG é a inacción do goberno local ante o tecido económico. “Enterraron o proxecto do polígono industrial e non ofreceron ningunha alternativa. No comercio e hostalería, pechou un terzo dos negocios. E mentres o

“O goberno do BNG foi o que puxo en marcha iniciativas innovadoras como a Rede de Dinamización Local e mantivemos a gratuidade do SAF fronte aos recortes”

Concello gasta miles de euros en comidas ou actividades, contrata todo con empresas de fóra”. Tamén critica a falta de impulso cultural: “Unha axenda cultural e lúdica dende o Concello podería dinamizar Riotorto. Pero nin sequera se preocupan por manter aberta a ruta do Ferro ou o mazo da Fraga na Semana Santa, cando celebramos a Feira da Artesanía, o maior escaparate do municipio”. A situación actual do centro de saúde é outro dos temas que máis preocupan ao grupo nacionalista. “Levamos cinco anos de recortes na atención médica. A situación máis grave vivíuse entre decembro e marzo, cando nos quedamos sen

médico a xornada completa”. Conta que foi a mobilización veciñal, con concentracións e recollida de sinaturas, xunto coas iniciativas levadas aos plenos municipais, provinciais e ao Parlamento galego, o que permitiu reverter parcialmente esta situación. “Conseguimos que asignasen un médico, aínda que sexa con prórroga de xubilación. É unha solución parcial e provisional, pero un tempo gañado para seguir defendendo un servizo básico, a pesar do goberno local, que estivo todo o tempo lavándolle a cara á Xunta”.

RELACIÓNS CO GOBERNO

As relacións co equipo de goberno defíneas como “moi difíciles”. Asegura que o alcalde “se nega a incluír as mocións do BNG na orde do día dos plenos” e que moitas propostas “quedan nun caixón”. Entre elas, a petición para debater sobre a xestión da residencia ou as iniciativas para apoiar ao comercio local. No último pleno, relata, “retiráronnos a palabra por lembrar que, tras a substitución da única concelleira do goberno por un home, Riotorto quedará cun goberno sen ningunha muller, unha anomalía democrática total que mostra o desinterese do PP pola igualdade”. Tamén denuncia o uso partidista das redes sociais do Concello: “O goberno local utilízase como se fosen unha conta do seu partido. Só publica mensaxes para criticar ao BNG ou para atacarnos persoalmente aos concelleiros”. Asegura que este tipo de actitudes non se limitan á oposición: “Actúan igual con calquera persoa ou colectivo que non estea baixo o seu control”. A pesar de todo, Vanessa Gómez Lourido mantén intacto o entusiasmo por continuar traballando por Riotorto. “Estar en contacto coas veciñas e veciños, coñecer mellor o concello, propoñer alternativas... iso é o máis valioso do noso labor. E facémolo porque cremos nun futuro mellor para Riotorto. Un futuro que pasa por un goberno que pense na xente, que defenda os servizos públicos e que crea nas potencialidades deste territorio”.

ATABERNA

T: 982 510 061
facebook/ataberna.vilalba
info@atabernavilalba.com
www.atabernavilalba.com

DISFRUTA CON TUS AMIGOS NUESTRA CARTA

OLVIDATE DE TODO Y SABOREA RACIONES

REVUELTOS FREIDA AL COQUE PICAR

HAMBURGUESAS FRESCAS DE VERDAD ENSALADAS

PASTAS RAXO PATATAS

ALGO PARA COMPARTIR TAPAS

SABOREAR TORTILLAS

TAHONA CURRÁS

SAN ROQUE 3. TEL. 982510062

NOVO CAZÓN 12. TEL. 620417383

Abre a inscrición para os campamentos urbanos

O Concello de Outeiro de Rei abre o prazo de inscrición para os Campamentos Urbanos, que se realizarán do 30 de xuño ao 4 de xullo para os nenos e nenas de 4 a 7 anos e do 7 ao 11 de xullo para os nenos e nenas de 8 a 12 anos.

Este ano haberá unha nova actividade, Mocidade en Acción, para mozos e mozas da ESO e 1º de Bacharelato, onde está previsto ir o día 26 de xuño ao Aquapark de Cerceda e o día 8 de xullo a Viveiro. Esta actividade terá un total de 25 prazas e unha cota de 15 euros.

Ao ser limitado o número de prazas (30 por campamento e 25 no caso da iniciativa Mocidade en Acción) estas cubriranse por rigorosa orde

de solicitude tendo preferencia os nenos e nenas empadroados no concello e o alumnado do CEIP Laverde Ruíz. O prazo para anotarse permanecerá aberto do 6 de maio ao 6 de xuño ou ata cubrir prazas. Nos campamentos realizarán actividades como obradoiros, xincanas, xogos de equipo, irán ao parque acuático de Cerceda, etc. Teñen un custe de 30 euros o primeiro, de 40 o segundo e de 15 Mocidade en Acción, que deberán aboarse sempre antes de rematar o prazo de inscrición. Pódense reservar as prazas nas oficinas municipais da Casa da Cultura de 10:00 a 14:30 horas ou chamando ao 982 393 408.



Aprobada a terceira modificación da RPT para unha praza de tesoureiro

A Casa Consistorial de Outeiro de Rei acolleu un pleno ordinario no que se trataron varios asuntos relevantes para o funcionamento do Concello.

Na sesión aprobouse, con 11 votos a favor e 1 abstención, a acta da sesión anterior. Ademais, formalizouse a toma de posesión de Noelia Fompedriña como nova concelleira do BNG en substitución de Xosé Ferreiro Fernández, quen presentou a súa renuncia por motivos persoais.

Fompedriña, natural da parroquia de Cela, persoa vinculada ao mundo do asociacionismo estréase así nunha corporación na que estará acompañada por Miguel Vieito e Elvira Lombao. “Representa unha nova xeración comprometida e con ganas de mellorar o futuro de Outeiro de Rei”, expoñen dende o BNG.

“Asumo reto de entrar no grupo municipal con ilusión e con ganas de achegar ideas para conseguir que o concello de Outeiro de Rei sexa un concello mellor”, expuxo Noelia. Entre os temas destacados, apro-

bouse por unanimidade a terceira modificación da Relación de Postos de Traballo (RPT), que inclúe a creación da praza de tesoureiro de habilitación nacional. Esta medida ten carácter preventivo, ante a próxima xubilación do actual titular do posto, co obxectivo de garantir a continuidade e o bo funcionamento da administración municipal.

Tamén se aprobou por unanimidade a modificación do Anexo de Persoal funcionario I, no marco do expediente de elaboración e aprobación do orzamento municipal.

Por último, debateuse o expediente do convenio de contratación para a recollida do lixo, co fin de realizar unha delegación de competencias no Concello de Begonte. Deste modo, Begonte encargárase da tramitación da contratación deste servizo.

O convenio abrangue os concellos de Castro de Rei, Cospeito, Friol, Guntín, Mondoñedo, Rábade e Outeiro de Rei. A proposta foi aprobada con 12 votos a favor e 1 abstención.

A Feira do Libro local recadou 600 exemplares para Pediatría do Hula

A I Feira do Libro de Outeiro de Rei organizada desde o Departamento de Biblioteca do CEIP Laverde Ruíz e coa colaboración de toda a comunidade educativa e o Concello de Outeiro de Rei foi todo un éxito.

Desde ás 10.00 horas, cando comezou a xornada coa inauguración a cargo do alcalde, José Pardo, e coa lectura dun poema de Manuel María por parte de Toño Núñez, os nenos e nenas do colexio puideron desfrutar da experiencia de achegarse a autores recoñecidos de libros infantís e desfrutaron dun gran contacontos da man de Ana Meilán.

Durante a xornada, ademais dos autores dos libros, estiveron presentes tres librarías, unha de Rábade, outra de Castro Riberas de Lea e outra de Lugo, fomentando así a participación de diferentes entidades de concellos limítrofes; así como tamén estivo presente o Centro Ocupacional de Vilalba coas súas rosas de papel, que se agasallaban con cada compra dun libro. “Esgotáronse á metade da tarde, o que nos fixo ver que se venderán xa 300 libros”, explicaba unha das promotoras do evento.

Unha das propostas máis interesan-



tes da xornada foi a materialización dun punto de doazón de libros dirixido a recoller libros que nenos ou maiores tiveran en casa e que xa non quixeran para poder doalos á Aula Pediátrica do HULA. Esta iniciativa tivo tanto éxito que as profesoras organizadores non o crían: “Cando vimos a cantidade de libros que había dentro, non o podíamos crer. Case 600 libros doados para os nenos e nenas do HULA. A xente foi moi xenerosa”, sostiveron.

Con todo, tamén destacou na I Feira do Libro a participación das escritoras Rocío López e Sabela Núñez, o artista Anxo Moure, o mago David Méndez, o guía turístico Guido

Álvarez, a presidenta de Aspace e escritora Fernanda Arroxo, a escritora Marisol Bravos; o bicampión de oratoria do Parlamento Xove, Daniel Vázquez, o escritor Jordi Cicely e a ilustradora e debuxante Milena, que deleitou aos máis pequenos coas súas creacións no papel. Ademais, a I Feira do Libro de Outeiro de Rei rematou coa actuación da Escola de Música local, que puxo o broche de ouro unha xornada inesquecible. Desde o Concello de Outeiro de Rei, que organizaron tamén un sorteo entre as persoas presentes, recoñeceron o éxito deste evento e aseguran que “xa estamos pensando na feira do ano que vén”.



Iníciase o trámite para acoller a primeira escola de kárting de Galicia

Celebrouse no mes de abril no salón de plenos de Outeiro de Rei, a reunión oficial para o pacto de convenio entre Escuela Rácing e o concello de Outeiro de Rei para a apertura e creación da primeira escola de kárting de Galicia. Este convenio está firmado con duración de 2 anos e terá dispoñible o circuito de Outeiro de Rei.

Esta escola estará destinada a nenos de entre 5 e 12 anos. Funcionará como actividade extraescolar

dous días á semana, de martes a xoves, de 16:00 a 20:00. O sistema de actividades estará organizado por niveis de dificultade dependendo da experiencia de cada neno. Para niveis de iniciación, prestarase todo o material necesario.

Os nenos e nenas pertencentes ao concello de Outeiro de Rei contarán con un desconto do 50 %. Ofrécese máis información en squadracin-gaoficial@gmail.com ou nos teléfonos 633 693 060 e 636 708 527.

O PP reclama compensacións para os concellos que teñen cárceres

O PP levará ao Congreso dos Deputados dúas iniciativas centradas en defender os intereses dos Concellos que acollen centros penitenciarios e en promover o desenvolvemento económico dos municipios a través do apoio ao comercio local.

A primeira das iniciativas solicita que o Goberno de España compense economicamente aos municipios nos que se sitúan cárceres dependentes do Ministerio do Interior. Os populares denuncian que estes concellos están obrigados por lei a prestar servizos básicos como o subministro de auga, a recollida de lixo ou o mantemento viario, sen recibir contraprestación algunha por parte do Estado. Ademais, estes centros están exentos do pagamento do Imposto de Bens Inmóveis (IBI), o que supón unha importante perda de ingresos para as arcas municipais.

A segunda PNL diríxese ao Ministerio do Interior cunha proposta para que se prioricen, sempre que sexa posible, as compras públicas nos comercios locais. “Non pedimos ningún trato de favor, senón un trato xusto para os concellos”, conclúen.

“A Romaxe permítenos poder desfrutar dunha contorna única”

A directiva da Asociación Cultural Penas de Rodas explica como xorde esta festa, poñendo en valor a zona recreativa e as actividades programadas

Como xorde esta asociación?

A nosa historia comeza alá polos anos 60 cando Alfredo Sánchez Carro, que por aquel entón era delegado de Información-Turismo, propuxo a varios veciños solicitar unha subvención, impulsada pola Fundación Barrié de la Maza porque facilitaba dotar de teleclubs ás provincias galegas. A solicitude foi aprobada polo que os veciños se puxeron mans á obra e comezaron a construír un teleclub con gran implicación no noso pobo, en Santiago de Gaios, que na actualidade está reconvertido como local da Asociación Cultural Penas de Rodas. No teleclub había unha televisión para todo o pobo, e tamén se realizaban actividades como semanas culturais, charlas, obras de teatro, proxeccións de películas, etc.

Como evolucionou a asociación?

O tempo foi pasando e xorde a idea de limpar e mellorar o entorno das Penas de Rodas, que naquel momento era monte e estaba practicamente intransitable. Os veciños axudaron nesta proposta foron limpar. Así, construíron un escenario de cantería, sobre o que actualmente se desenvolven as actividades ano tras ano na romaxe. Levaron a auga ata a área recreativa, fixeron pozos no monte e canalizárona ata alí. E máis adiante, os días de festa tamén traían a luz dende as últimas casas de Gaios, que son as do campo da feira, con mangueiras monte arriba ata chegar as Penas de Rodas. A primeira

actividade que foi levada a cabo nas Penas de Rodas foi un Belén Vivinte e foi no ano 1980 cando se celebrou a primeira romaxe. Como daquela aínda non habían as actuais mesas de pedra para o xantar, nin postos de alimentación; o que facían era montar mesas e bancos de madeira; e para facer a festa o máis económica posible compraban o polbo no porto da Coruña e preparábase para o consumo.

Cales son os obxectivos?

Os obxectivos da Asociación é a conservación da área recreativa e promover a comunidade en Santiago de Gaios, promovendo actividades para todos os públicos, tanto nenos, como adultos e sobre todo maiores, porque é a maior parte da xente que vive aquí. A nosa intención é que participen cantas máis persoas, mellor, xa que estamos abertos a todo o mundo. Con respecto aos nenos, fixemos en Nadal un contacontos musical para atraelos e quedamos ledos e sorprendidos porque houbo bastante participación e cara a iso queremos ir.

Cales son as actividades que levan a cabo?

Agora mesmo contamos con arredor de 100 socios e socias do Concello de Outeiro de Rei e outras de concellos limítrofes que participan nas nosas actividades, como pilates, talleres, excursións, un curso de pandeireta e canto, temos un grupo de teatro... A cota de socio é anual e de 15 eu-

ros, e estamos abertos a que se unan máis persoas ou que incluso veciños e veciñas que queiran participar nalgunha actividade pero non queira ser socia, tamén pode.

O teatro xorde desde a orixe do colectivo, que importancia ten?

Exacto, o teatro xurdiu da man dese grupo de veciños e amigos, xente de aquí, que ademais de conservar o entorno da área recreativas de Penas de Rodas, queríamos facer algunha actividade cultural, polo que se puxo en marcha o grupo de teatro, que segue hoxe en día e que se reúne unha vez por semana para ensaiar. Así, as persoas interesados en vernos actuar, poderán facelo na 45ª Romaxe, e animamos a todas as persoas interesadas da contorna a animarse e formar parte del.

Falando da Romaxe, cal vai ser a programación deste ano?

A 45ª edición da Romaxe, que terá lugar o vindeiro 29 de xuño, vai seguir a dinámica de todos os anos e conserva a esencia do principio. Así, pola mañá terá lugar unha ruta guiada por Guido Álvarez cara ao Miradoiro da Terra Chá. Logo, haberá un partido de fútbol no que o Gaios Veteranos se enfrontará a outro equipo que aínda non sabemos. Logo, terá lugar apertura da V Feira de Artesanía e Produtos da Terra, que contará con postos de artesáns e produtos varios. Despois, será o pregón, a cargo de Guido Álvarez, guía turístico de Lugo, seguido



da sesión vermú. Xa ao mediodía, organizamos un xantar campestre no que contaremos cun posto de polbo e churrasco e outro de pan e empanadas. Pola tarde, teremos xogos populares para nenos e adultos e a Escola de Teatro de Penas de Rodas representará a obra de teatro ‘Asasinato na tenda de roupa’. Para rematar, Airiños de Orbazai pechará a Romaxe cunha actuación musical subvencionada pola Deputación de Lugo a través do programa Tradigalu e, finalmente, faranse sorteos para as persoas que mercaron nos postos de artesanía e entregárase o trofeo ao equipo gañador do partido de fútbol. Ademais, este ano puxemos a disposición das persoas interesadas camisetas para a Romaxe por un valor de 10 euros para colaborar con nós e poden encargarse antes do 30 de maio, así como tamén haberá un posto de merchandising durante a Romaxe.

Como foi evolucionando?

Nun primeiro momento, celebrábase o primeiro domingo de agosto, pero estes últimos anos decidimos cambiala a xuño porque se ía moita xente de vacacións. Este ano, como os últimos, esperamos que veña moita xente atraída polas actividades programadas e que teñamos sorte co tempo. Ademais, a Romaxe

é un momento moi especial no ano e pasamos momentos súper bonitos que quedan no recordo e nun espazo natural único.

Que necesidades ten a asociación? Contamos coa colaboración do Concello de Outeiro de Rei para manter a área recreativa e a Deputación proporcionanos algunha actuación na Romaxe, pero necesitamos máis colaboración e implicación tanto das institucións para poder seguir facendo actividades, e da xente para que a asociación siga viva. Nós intentamos manter limpa a área recreativa durante todo o ano, pero facemos un chamamento á cidadanía para que non tire lixo e que faga un uso responsable.

Mirando cara ao futuro, cal é a mirada?

Queremos seguir como ata agora, mantendo as nosas actividades, o teatro, as excursións, as actividades musicais, intentando recuperar iniciativas que levabamos a cabo antes e, sobre todo, abertos a todo o que nos poidan propoñer, xa que a nosa prioridade é que os nosos socios estean contentos. Aproveito esta plataforma para dicir que se alguén está interesado en participar nas nosas actividades ou facerse socio, só ten que mandarnos unha mensaxe ao enderezo penasderodas@yahoo.es.

xermade

Regresan en xuño as xornadas formativas da USC para maiores de 50

A Biblioteca Pública de Xermade será o escenario dunha nova edición do programa Camiños de Coñecemento e Experiencia, unha iniciativa impulsada pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) dentro do seu Programa Universitario de Maiores, IV Ciclo, que busca democratizar o acceso ao coñecemento e promover a formación ao longo da vida.

Dirixido ás persoas maiores de 50 anos, o ciclo desenvolverase os días 3, 4, 5, 6, 12 e 13 de xuño, en horario de 16:30 a 18:00 horas, e incluírá seis sesións formativas a cargo de docentes e colaboradores da USC.

O programa comezará con dúas sesións dedicadas á botánica local tituladas As especies arbóreas da contorna, impartidas por Blanca Fraga Cimadevila, colaboradora do Programa Universitario de Maiores. Os días 5 e 6 de xuño será a quenda da escritora e profesora Anxela Gracían, que conducirá dous obradoiros de escritura creativa.

A derradeira parte do ciclo, os días 12 e 13 de xuño, estará centrada na historia de Galicia da época moderna, cunha charla titulada Campesiños, curas e fidalgos: a vida cotiá na Galicia da época moderna, a cargo



dos investigadores da USC Tomás Manso Fraga e Mario Sixto Puente. As persoas interesadas poden inscribirse no Concello de Xermade ou contactar a través do teléfono 982 501 001. Este proxecto conta coa colaboración da Xunta de Galicia e varios concellos da provincia, entre eles os de Monforte de Lemos, Monterroso, Taboada, Viveiro, Mondoñedo, Sarria, Sober e Chantada.

A Biblioteca convoca o certame de narración e debuxo Letras Galegas

A Biblioteca Pública Municipal de Xermade vén de convocar a fase local do Certame de Narración e Debuxo Infantil Letras Galegas 2025, unha iniciativa cultural que pretende fomentar a creatividade e o uso da lingua galega entre os máis novos. O certame está dirixido a todas as nenas e nenos do municipio que queiran participar con narracións ou debuxos arredor do tema “Ler con coñecemento”.

As narracións deberán estar escritas en galego e ter unha extensión máxima dun folio por unha soa

cara, mentres que os debuxos deberán realizarse en tamaño DIN A4. Establécense tres categorías por idades: A (ata 8 anos), B (de 9 a 11 anos) e C (de 12 a 16 anos).

O prazo para entregar os traballos remata o 16 de maio e deberán presentarse na Biblioteca Municipal. Os traballos premiados nesta fase local pasarán a representar a Xermade na fase provincial do certame, convocada pola Biblioteca Pública de Lugo. Os premios consistirán nun diploma acreditativo e un lote de libros por valor de 30 euros.

SEA presenta o estudo de viabilidade para a ampliación do parque empresarial

A xerente de Solo Empresarial do Atlántico (SEA), Beatriz Sestayo, informou ao Concello de Rábade e aos empresarios do polígono industrial sobre as conclusións do estudo de viabilidade encargado pola entidade pública o pasado mes de outubro. O estudo de viabilidade conclúe que é necesario que o Concello de Rábade revise o plan parcial aprobado en 1981 para adaptalo ás necesidades actuais e futuras do desenvolvemento industrial na zona. SEA recomendou a opción máis rápida para avanzar na ampliación do parque, suxerindo a posibilidade de levar a cabo a reordenación a través do Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM) ou mediante un plan estruturante. Sestayo explicou que “é urxente atopar unha solución, xa que non queda solo industrial en Rábade e a demanda é elevada”. Pola súa banda, o Concello informou que actualmente está redactando o PXOM, que podería incluír esta reordenación, aínda que advertiu que o proceso podería estenderse no tempo debido aos prazos legais, como o período de alegacións.

Complétase o cartel do festival Entrepontes, que se celebra o día 24

O colectivo Fillos do Chaira de Rábade presentou o cartel da terceira edición do festival que se desenvolverá na localidade en maio baixo o título Festival Entrepontes. A data escollida foi o día 24 de maio para unha cita coa música que será gratuíta para os asistentes e que tivo un gran éxito nas dúas edicións pasadas e que mantén a data de celebración. A primeira confirmación do festival foi o grupo Biznaga, unha das bandas máis contundentes e influentes do punk-rock nacional, que chega a Rábade para arrasar coa súa enerxía e converter o escenario de Entrepontes en pura adrenalina. Tamén estaba confirmada xa participación de Catuxa Salom, caracterizada por unha fusión do folk, a electrónica e os ritmos tribais latinoamericanos. Nesta ocasión subiranse ao escenario Hermana Furia, co seu rock salvaxe, que desborda enerxía e un son demoledor. Xunto a eles estarán tamén Jorobados del Miño, que chega a Rábade desde Porto-



marín cunha música que combina o rock co blues clásico. A quinta confirmación do festival é Vimbio, a nova faciana da escena metal. Segundo avanzou a organización, o festival contará cunha xornada chea de actividades, entre as que figuran as infantís. Así destaca un taller de graffiti infantil a cargo de Diego As. Os rapaces crearán un mural guiados polo artista. Tamén repetirase a festa Holy.



Galicia brillou no Máster de Fútbolín rabadense

O Máster de Fútbolín celebrado en Rábade entre o 17 e o 19 de abril reuniu a máis de 1.000 xogadores de toda España e reafirmouse como un dos grandes eventos referencia do fútbolín a nivel estatal. A competición, cada vez máis profesionalizada, contou cunha destacadísima representación galega que deixou a súa pegada nun torneo marcado pola emoción e o alto nivel. A parella formada por Tony e Palomo, procedentes de Castellón, proclamouse campioa na modalidade estrela de “en movemento”. O rabadense Mario, xunto co seu compañeiro Guillermo de Outes, acadou o título na categoría combinada, coroándose campións nunha das probas máis completas do torneo.

Ademais, Mario foi recoñecido como o mellor xogador da provincia de Lugo, mentres que o lucense Torino recibiu o galardón ao mellor xogador galego do campionato, culminando unha actuación brillante xunto ao seu compañeiro Javi, co que logrou tamén a medalla de prata na categoría de parado. Víctor e Álex, de Lugo e León respectivamente, colgaron o bronce na modalidade de parado, mentres que xogadores coma Adri e Couso, ou Brian e Miguí, loitaron nas semifinais e cuartos con grandes actuacións. O talento feminino tamén tivo presenza galega con parellas como Rocío e Mary, que lograron o bronce en feminino en movemento.

Abre o prazo de solicitudes do PAI

O Concello de Abadín abre este venres, 2 de maio o prazo de solicitudes de reserva de praza e de novo ingreso no Punto de Atención á Infancia para o vindeiro curso 2025/2026. Estas deberán realizarse no prazo comprendido ata o 31 de maio. O modelo de solicitude facilitarase no Punto de Atención á Infancia do Concello de Abadín, e presentarase no antedito centro xunto coa fotocopia do DNI / NIE ou do pasaporte dos pais/nais ou titores, dúas fotos tipo carné do neno/a, a fotocopia da tarxeta de Seguridade Social ou documento equivalente do/a menor, fotocopia do Libro de Familia, informe médico do neno/a no que consten alerxias alimentaria (lactosa, glutén...) ou físicas (aos materiais como pinturas, ceras...) de ser o caso ou calquera outra información necesaria e cartilla de vacinación infantil do programa galego de vacinación ou calquera outra documentación do Sergas que así o acredite, e certificado de empadronamento e de convivencia da unidade familiar.

O festival Rumboia Viva xa ten preparado o programa para xuño

A Asociación xuvenil A Rumboia, de Abadín, anunciou a celebración da terceira edición de Rumboia Viva, un festival cultural que terá lugar o próximo mes de xuño, na porta da Terra Chá. A data deste ano é o 28 de xuño, un mes antes das dúas primeiras edicións, que foron a finais de xullo. O colectivo xa ten deseñado o cartel do festival, no que se confirmou en primeiro lugar Abril, o dúo formado por Claudia Abril e Marina Carpena, que levarán a Gontán a tradición renovada e os sons de raíz. O dúo folk galego lanzou a súa nova creación, Arredor da Mesa, unha canción que homenaxea a amizade a través de sons que fusionan tradición e modernidade. No programa tamén estará Aiko El Grupo, coa súa enerxía punk-pop cargada de frescura, rabia e actitude. Sumáronse tamén esta primavera varios nomes máis, como De



Ninghures, Rebeliom do Inframundo ou o grupo local Batifoula. Tamén estará a DJ Rapante para os intermedios e o fin de festa desta edición estará a cargo dunha fusión entre A Mariña e A Terra Chá da man de Sormiux e 2Paz. O colectivo segue a traballar no deseño do programa, no que haberá outras actividades. Así, está previsto un obradoiro de baile, a cargo de Adrián de Ninghures, e unha cata de

viños en cunca con comentarios de Antonio Reigosa. No faltarán o mercado de artesanía, que conta xa con 25 postos, así como postos de comida e unha food truck. Para os pequenos estará Paporrubio e os seus xogos. Este ano o Festival Rumboia Viva presenta unha nova imaxe, ideada por Nahum Martínez Blanco coa que representar “a celebración da amizade, da música e da cultura”.

O Senado urxe ao Goberno a mellorar a estrada entre A Xesta e Mondoñedo

O Senado insta ao Goberno -a través dunha iniciativa do Partido Popular que defendeu José Manuel Balseiro- a acometer unha intervención de mellora integral da N-634, de forma especialmente urxente no tramo que une o Alto da Xesta e Mondoñedo por tratarse dunha vía que é empregada como itinerario alternativo polos usuarios cando a A-8 se pecha á circulación como consecuencia dos intensos bancos de néboa que, en ocasións, impiden a circulación normal. A iniciativa do Grupo Popular saíu adiante na Comisión de Transportes y Movilidad Sostenible á que non asistiu o BNG e a pesar da abstención do PSOE. Balseiro convidou aos socialistas a “centrarse na seguridade das persoas” afeando que “os socialistas non consideren prioritario arranxar a N-634 sendo a alternativa á A-8 entre Abadín e Mondoñedo”.

DEPUTACIÓN

Tomé anuncia un segundo paquete de obras para 120 quilómetros de estradas

O presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, avanzou no Pazo de San Marcos a posta en marcha do segundo paquete de actuacións que se acometerán na rede viaria provincial cun investimento de 3,5 millóns de euros. “Neste caso serán un total de 16 proxectos que servirán para arranxar, mellorar e acondicionar máis de 120 quilómetros de estradas da nosa provincia ao seu paso por 20 concellos”, detallou Tomé Roca.

“Sabedes que temos un compromiso moi importante coa mobilidade. Non son palabras, son feitos”, valorou o mandatario provincial. Recordou que ese compromiso tradúcese en 27 millóns de euros -máis do 21%- dos Orzamentos 2025 destinados a conservar, manter e mellorar a rede viaria da provincia, “a máis extensa de toda España, temos que recordalo, con 4.217 quilómetros de lonxitude e tres veces maior que a da Xunta de Galicia na provincia de Lugo”.

Este novo investimento, que se enmarca no Plan de mellora das estradas 2025, súmase ao primeiro paquete de obras para acadar un investimento conxunto que supera os 15 millóns de euros para acondicionar 400 quilómetros de vías por todo o territorio lucense.

Destacou o presidente que dos 80 proxectos iniciais, a institución provincial xa ten en proceso de contra-

tación o 65 % das obras e que varias están en marcha. Puxo o exemplo das actuacións que está a acometer a Deputación na Avenida Infanta Elena en Lugo ou no Cinto Comarcal á altura do Corgo.

As novas actuacións serán “diversas en todas as comarcas da provincia. Traballamos como fixéramos xa no primeiro paquete, da man do equipo técnico da área de Vías e Obras da Deputación de Lugo para a análise e a diagnose das prioridades. Así establecemos novamente unha folla de ruta sobre as actuacións máis necesarias nas estradas provinciais que non ten que ver cos intereses partidistas nin persoais que si motivan a outras Administracións”.

“Dos 20 concellos polos que pasan as estradas que imos arranxar neste segundo paquete hai 10 gobernados polo PP”, apuntou José Tomé. E puxo algún exemplo das actuacións previstas pola Deputación:

Na Mariña, a Deputación mellorará seis estradas, nos concellos de Lourenzá, Mondoñedo, Riotorto, Trabada e O Vicedo. Neste último municipio a institución provincial actuará na LU-P-6401 e na LU-P-6402, que conectan entre si e que comunican no Vicedo varias parroquias como Suegos, Falcoeira -no límite provincial coa Coruña- e o Cristo de Portapena.

As comunicacións da Montaña mellorarán con catro novas actuacións



da Deputación nas estadas provinciais ao seu paso polos concellos de Ribeira de Piquín, Pedrafita do Cebreiro, Navia de Suarna ou Castroverde.

En Pedrafita, o presidente anunciou que a institución provincial investirá preto de 400.000 euros nun novo tramo da LU-P-1301 que conecta con Seoane do Courel polas parroquias de Hospital e Vilela. “Unha vía vital para as comunicacións da Montaña e na que levamos investido máis de 1M€ para o seu ensanche, drenaxe e mellora do firme en diferentes tramos”.

Na Terra Chá a Deputación mellorará estradas en Guitiriz e Castro de Rei. En Castro de Rei acondicionará a LU-P-1107, que é a estrada que conecta con Rábade desde a autonómica LU-115 á N-VI e que dá servizo a recursos importantes para a provincia como a Casa das Insuas.

“Tamén seguiremos mellorando o

Cinto Comarcal á altura do Corgo, como sabedes esta é unha vía moi extensa, con 131 quilómetros. Xa no paquete anterior reserváramos cinco proxectos á altura do Corgo, Castro de Rei, Castroverde e Begonte, varios deles xa en marcha”, explicou o presidente, que avanzou que grazas a este segundo paquete a Deputación investirá outros 150.000 euros para mellorar outro quilómetro e medio desta vía vital para as comunicacións da provincia.

Na Ribeira Sacra a Deputación acondicionará con cargo a este segundo paquete do Plan de mellora das estradas 2025, vías ao seu paso pola Pobra do Brollón e Sober. Puxo o presidente como exemplo a LU-P-5903, “melloraremos máis de seis quilómetros da estrada que une Sober e Doade, unha vía importante para a comarca e para toda a provincia que dá servizo a veciños, turistas e bodegas”.

Triplificarán as axudas ás asociacións das Reservas da Biosfera

A Deputación de Lugo triplicará este ano as axudas destinadas ao tecido asociativo das Reservas da Biosfera Terras de Miño e Os Ancares Lucenses. Concretamente, achegará un total de 340.000 euros ás entidades e colectivos sen ánimo de lucro que traballan nestes territorios a través de diferentes convocatorias.

A entidade provincial sacou unha nova convocatoria de axudas para financiar investimentos e outra para actividades.

Serán 150.000 euros para investimentos que promovan a posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios. Concretamente, serán 100.000 euros para repartir en proxectos que se enmarquen na Reserva da Biosfera Terras do Miño e outros 50.000 euros para iniciativas que teñan que ver coa Reserva dos Ancares. Os solicitantes poderán recibir unha contía de entre 2.000 a 12.000 euros.

Ademais, refórzase economicamente a liña de axudas destinada a financiar as actividades impulsadas por estas entidades.

Este ano incrementase esta liña de axudas para as dúas Reservas nun 72 %, ata os 190.000 euros. Concretamente, serán 120.000 euros a repartir entre os colectivos que propoñan actividades para que se desenvolvan na Reserva da Biosfera Terras do Miño; e outros 70.000 euros para actividades que teñan lugar na Reserva da Biosfera dos Ancares Lucenses.

Lanzada unha aplicación gratuita de emprego

A Deputación lanza a APP móbil gratuita DeputaciónLugo Emprego, co obxectivo de facilitar o contacto entre persoas que buscan traballo e empresas que precisan incorporar persoal na provincia. A ferramenta está xa dispoñible e supón un avance na modernización dos servizos públicos de intermedación laboral que a institución ofrece a través da súa Axencia de Colocación.

A APP permite aos demandantes de emprego xestionar os seus perfís profesionais de forma áxil e acceder de maneira inmediata ás ofertas de traballo publicadas pola Axencia de Colocación. Ao mesmo tempo, esta ferramenta axuda ás empresas a axilizar a publicación das súas ofertas e mellorar os pro-

cesos de selección, adaptándoos mellor ás súas necesidades para atopar o persoal máis adecuado.

Esta aplicación tamén responde a dous dos grandes retos do mercado laboral: o desemprego e a falta de persoal cualificado nas empresas. Permite ás persoas atopar traballo en Lugo e facilita que as empresas cubran as súas vacantes con candidatos cualificados, favorecendo a fixación de poboación no territorio. A APP xa está dispoñible para a súa descarga gratuita tanto para iOS como para Android.

As persoas que buscan traballo poden rexistrarse facilmente, subir o seu CV e configurar o seu perfil profesional, recibindo alertas personalizadas.

O Pleno demanda apoio para os afectados polos aranceis de Trump

O Pleno sacou tamén adiante unha moción do PSdeG para pedirlle á Xunta de Galicia que poña en marcha un plan de medidas de apoio para os sectores máis afectados pola política arancelaria de Estados Unidos que inclúa a mobilización de fondos e a apertura de novos mercados. O texto saíu adiante cos votos a favor dos socialistas e do BNG e os votos negativos do PP. Tomé Roca explicou antes do Pleno que “diante dunha situación para algúns sectores galegos que van ter dificultades, a Xunta non moveu ficha”, que o Estado puxo xa financiamento encima da mesa e que outros gobernos autonómicos tamén están actuando.

A Voceira socialista do Goberno, Pilar García Porto, defendeu que esta iniciativa axudaría a paliar os efectos

dos sectores que se están a ver afectados, como o vinícola, agrogandeiro e industrial. Neste sentido Pleno deu luz verde a un texto que reclama á Xunta que deseñe un plan de medidas de apoio para os sectores afectados pola política de aranceis de Estados Unidos.

Ademais, o Pleno acordou por unanimidade a adhesión á rede de entidades locais Gandeiro-cárnica, impulsada pola Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP), que permitirá á institución provincial reforzar a colaboración con outras entidades para impulsar iniciativas conxuntas coa finalidade de fortalecer o sector. O Goberno levou a Pleno esta proposta tendo en conta o papel “vital” da actividade gandeira e cárnica no desenvolvemento eco-

nómico, social e ambiental.

O grupo provincial do BNG denunciou “unha estafa en toda regra” da Xunta en relación coa redución das ratios das aulas, tras coñecerse unha instrución da Consellería de Educación para eludir o compromiso que o propio goberno do Partido Popular anunciou hai ano e medio como “histórico” para reducir o número de alumnas e alumnos por clase a 20 alumnxs, comezando por infantil.

O pleno tamén aprobou, a iniciativa do BNG e cos votos do goberno provincial, unha proposta de apoio á mobilización convocada pola Plataforma Queremos Galego para o vindeiro día 17 de maio de 2025 en Santiago de Compostela baixo o chamamento “Lingua viva xa! Paremos a emerxencia lingüística!

COLABORACIÓN

A literatura oral no Día das Letras Galegas

FAÍSCAS QUE ESPALLA O VENTO



Raul Río

Este ano a Real Academia Galega tivo a delcadeza de homenaxear no Día das Letras Galegas ás “cantadeiras” e á poesía popular oral, facendo xustiza a persoas que fixeron desde o pobo, maiormente rural, música, cantigas e versos que enriqueceron a nosa cultura, deixándonos un legado moi importante que debemos conservar, porque é un xeito de facer literatura e música galega, aínda que escasas veces apareceron nos libros e nos medios de comunicación. A Academia personificou este homenaxe do 17 de maio nas irmáns Adolfinia e Rosa Casás Rama, de Cerceda; Eva Castiñeira, de Muxía, e ás “Pandeteiras de Mens” (Prudencia Garrido Ameijende, Asunción Garrido Ameijende e Manuela Lema Villar), de Malpica de Bergantiños. Foron esas e moitas mais as que, naqueles tempos tan difíciles para o noso idioma, transmitiron as súas fillas, fillos e netas a súa sabedoría popular, conservando e enriquecendo a nosa lingua.

De neno oía que a señora Requecha, Xosefa Cabado López, recitaba centos de coplas que sabía de memoria. Coñecía tempo despois e como non os escribía, en abril de 2011, fomos Alfonso Blanco e mais eu a súa casa para gravar “A Regueifeira do Cando”, un vídeo para Xermolos que pode buscar o lector ou lectora en Youtube, onde recita case toda a súa obra, e tivo que ser esa asociación quen levou a cabo a tarefa de escribirla na revista “As coplas dun tempo, de Xosefa Cabado”, publicada por Xermolos no ano 2014, de onde sacamos estes versos sobre o Capador de Sesulfe:

“O capador anda a pé;/ o lobo comeulle a besta/ no medio do pastizal/ e alí fixéronlle a festa./ Os lobos tiñan fame,/ case a comeron enteira,/ tan so deixaron o rabo/ e un pedazo de cacheira.”

e esta copla sobre cregos:

“Disque compraron dúas camas,/ o cura e mais a criada./ Unha aínda a teñen nova,/ e a outra téñena estropeada,/ onde misan de noite/o cura e mais a criada.”

O seu contrincante mais importante foi precisamente o “Capador de Sesulfe”, Manuel García López, coñecido tamén polo “Reinote”, ao que Xosefa lle dedica varias coplas. Era un gran regueifeiro, capaz de falar en verso e polo



entroido Xermolos levou aos dous a unha regueifa que organizou en Guitiriz, pero é unha pena que non haxa un vídeo ou sequera un audio dese interesante acto. Falei con Alfonso de facerlle tamén un vídeo, pero adiantósenos a parca.

Faleceu o 21 de febreiro de 2021 aos 92 anos e Xermolos está preparando unha revista sobre a súa vida e a obra literaria, na que se recollen anécdotas e moitos dos seus versos.

Di Xurxo Souto que Xosefa “ispe de prexuízos a súa poesía e obríganos a ollar o mundo co sorriso da liberdade, porque nada humano lle é alleo”, pero tamén o Capador toca o tema erótico con total liberdade.

“Filomena, ti tela grande ou pequena?/ Pequeña./ Pois xúntaa aquí coa miña.”

Nunha ocasión que andaba capando, pasou na súa besta pola aldea e preguntoulle o zoqueiro: A onde vas capador? e el contestoulle:

“Vou por aí arriba/a ver si lle apalpo/a barriga á túa Oliva.”

Pero Oliva era a súa filla e non lle quedaron ganas de facerlle mais preguntas.

Na aldea da Tiñaz había un obradoiro de dous zoqueiros, Serafín e Fanego, que daquela era unha especie de rede social, pero mais humana que as de hoxe. As veces o zapateiro, Pedro de Revolta, viña rebaixar a madeira dos zocos e gustáballe facer poesías do que acontecía na parroquia e, aproveitando que as ovellas da Punxas lle comen o centeo a Fanego, díxolle:

“Para cuñas pao de toxo,/ para vergas o carballo/e para contentar as ovellas/ o pan da Pena Zarrellas.”

Rímonos todos, menos Fanego.

Eugenio Río, meu pai, tamén fixo algúns poemas irónicos nesta lírica popular do que acontecía na aldea e

notábaselle cando os estaba compondo polo seu sorriso pillabán. A seu primo Rato comíalle o raposo moitas galiñas; unha vez comeullas todas e compuxo estes versos:

“O raparuceiro comeulle a Rato/ nove galiñas no galiñeiro,/ e na porta deixoulle escrito cos pés,/ non che como dez porque non as tés./ Pero o galo díxolle ao raposo:/

Ti a min non me escarallas,/ que eu escapo para a Pena das Grallas.”

Xosefa, a muller de seu primo, díxolle que non contara a ninguén que aquela noite matara un raposo a paus no galiñeiro. El contar non o contou, pero fixo este poema:

“Xosefa é a muller mais valente do mundo enteiro,/matou un raposo a paus no seu galiñeiro/ e despois de morto e derrubado,/ veu un veciño todo cabreado,/ colleu un machado e ¡chas! cortoulle o rabo./ E díxolle, ¡toma malvado!/ tamén comiche o meu pavo”

Somos un pobo de artistas, di tamén Xurxo Souto, polo que non podemos permitir que se perda esta literatura oral e que deixemos de selo.

Contundente resposta

COA NOSA VOZ



Pablo Veiga

Igual non é o medio máis axeitado un xornal coma o noso para poñermonos a falar de Donald Trump, ese pintoresco home xa entrou en anos —en absoluto menosprezamos as persoas maiores— con pelo alaranxado que manda nunha das principais potencias a nivel mundial. Fíxense que dicimos unha delas, porque non está tan claro que siga sendo a primeira como o foi sempre. E de aí poden vir algunhas das polémicas decisións que vén tomando nos últimos tempos. O obxecto do Terrachaxá é centrarse no local, o que nos atinxe cotidianamente á veciñanza da bisbarra. Temos asuntos máis interesantes que tratar, polo tanto, centrarnos no presidente americano non procede demasiado, aínda que todo está in-

terrelacionado, sen ningún xénero de dúbidas.

Mais o mencionado mandatario sempre dá xogo, abofé que si. Desde que volveu ao poder non lle tremeu o pulso, e a golpe de decreto ditou aranceis para os produtos que o resto do mundo envía a USA, polo que a consecuencia inmediata é o encarecemento dos mesmos, para as empresas que os venden, pero tamén para quen os consumen cando chegan ao seu destino. Así que os estadounidenses están a padecer nas súas economías os arrebatos do seu líder e dos compañeiros de viaxe que ten como asesores principais. Bens de diverso tipo, que van desde os electrodomésticos ata a roupa ou vehículos, e sobre todo alimentos en xeral, están a aumentar de prezo, polo que as familias daquelas latitudes teñen que incrementar o seu presuposto destinado a cubrir unha necesidade elemental e básica como é a alimentación.

A reacción do resto do mundo tampouco se fixo agardar e con maior ou menor celeridade, tanto a China, a Unión Europea e distintos países de América están a mover ficha. Pero falando de respostas, escollemos a dada por un chairego, Daniel Pérez, quen se dedica a elaborar queixo da denominación San Simón da Costa desde hai anos, presidindo ademais o Consello Regulador. Con contundencia e decisión, foi quen de mandarlle recado ao inquilino da Casa Branca e, cheo de razón, espetoulle que podía poñer tódolos atrancos que estimase oportuno, pero se el quería degustar un bo queixo, non lle quedaría outra que comer o queixo de San Simón. Así de claro, sen pensalo dúas veces e nin pedir permiso a ninguén. O noso paisano sabía ben do que falaba e aínda parecendo que foi de sobrado con semellante afirmación, nada máis lonxe da realidade. O queixo de San Simón non é so unha marca, senón

O RECUNCHO DE CANELINA



todo un emblema da Terra Chá. De ser vendido nas feiras locais pasou a ter un recoñecemento lonxe das nosas fronteiras, recibindo prestixiosos galardóns, abríndose camiño en numerosos mercados. Disque xa o producían os celtas, así que atesoura un longo percorrido; de aí que sexa motivo de satisfacción para quen hoxe

en día segue a producir este manxar, que abofé sería ben estimada polo mencionado dirixente.

Orgullo do propio amosou o temón da Queixería Daniberto, un sentimento que deberíamos estendelo a moitas outras cousas máis.

E con alegría, rematamos de escribirmos o artigo cen desta columna.

TERRA CHÁ

O GDR destinará este ano 600.000 euros ás axudas do 2025, que xa están abertas

Agader abriu o prazo para solicitar as axudas de este ano dentro do programa Leader 2023-2027, subvencións cofinanciadas no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 (PEPAC). Así o anunciou o presidente do GDR Terra Chá, José Antonio López Sierra, durante a reunión da Xunta Directiva da entidade.

Nesta convocatoria de 2025, o GDR Terra Chá disporá dun orzamento próximo aos 600.000 euros para beneficiar a proxectos de persoas físicas ou xurídicas de carácter privado, asociacións privadas ou comunidades de montes e as súas mancomunidades, ademais de entidades públicas como concellos. Estes fondos distribuiranse en tres tipoloxías de proxectos. Por unha banda, os proxectos produtivos, que afectan a persoas físicas e persoas xurídicas de carácter privado, que contarán cunha partida de arredor de 417.000 euros. Neste grupo inclúense investimentos en produción agraria primaria, proxectos de transformación e comercialización de produtos agrarios, forestais ou proxectos que supoñen a creación, modernización ou ampliación de empresas que desenvolvan actividades non agrarias.



Cada proxecto pode optar a un máximo de 150.000 euros sempre e cando non supere o 50 % do orzamento.

Dentro deste grupo inclúese unha novidade, o Bono Activa Rural, que está destinado a subvencionar actividades non agrarias en zonas rurais e que pode chegar a ser de 5.000 euros. “As axudas non están vinculadas ao gasto en investimentos, só ao mantemento da actividade e o cumprimento do plan empresarial”, explica López Sierra. Para solicitar este bono, hai que estar no paro e empadroadado no concello onde se vai realizar a actividade por un mínimo de tres anos. Unha segunda liña de axudas vai dirixida a proxectos non produtivos públicos, para iniciativas promovi-

das por entidades públicas, que teñen un interese público e colectivo. Esta variante disporá dun orzamento de 149.000 euros. O montante máximo da axuda para este tipo de proxecto é de 50.000 euros. Finalmente, está a liña dos proxectos non produtivos privados, destinados a entidades sen ánimo lucro, comunidades de montes ou mancomunidades que non desenvolvan actividades económicas, e que terán un orzamento máximo de 30.000 euros, cun tope de 25.000 euros por proxecto.

Dentro dos non produtivos a porcentaxe da axuda dependerá de si son considerados de prioridade alta, media ou baixa, polo que pode ir desde o 35 % ata o 90 %. Dentro das actividades subvencio-

nables figuran a compra e mellores de terreos, naves, maquinaria, equipamento novo, programas informáticos, páxinas web ou medios e equipamento de transporte, estes últimos cumprindo determinados requisitos.

As persoas interesadas en recibir estas axudas dos concellos de Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, A Pastoriza, Riotorto, Xermade e Vilalba poden solicitar máis información nas oficinas do GDR Terra Chá, situadas na rúa Carmiña Prieto Rouco, s/n, 27800 Vilalba, ou chamando ao teléfono 982 51 23 69. Para solicitarlas a actividade ten que desenvolverse dun concello desta comarca.

O presidente da entidade lembra que as axudas son por concorrencia competitiva, polo que todos os proxectos contarán cunha puntuación que se establecerá en función duns baremos, aprobados por Agader, que son públicos e que poden consultarse na web terrachanaturalmente.org. Para optar ás axudas hai que ter un mínimo de 20 puntos. O prazo para presentar as solicitudes será ata o 30 de maio (que é dun mes desde a súa publicación no DOG) e hai que presentalas electronicamente co procedemento MR701L.

A provincia viviu o gran apagón do día 28 sen incidencias

O luns 28 de abril, ás 12:30 horas, produciuse un apagamento eléctrico xeral que afectou amplamente a España, Portugal e de maneira puntual tamén a Andorra e ao sur de Francia. Este corte masivo, que xa se coñece como un apagón histórico, foi o primeiro deste alcance na era dixital, e tivo un forte impacto tanto no subministro eléctrico como nas comunicacións telefónicas.

En Galicia, o fenómeno afectou de forma desigual segundo o territorio. A reposición da luz comezou xa na tarde do luns en zonas das provincias de Lugo e Ourense, avanzando progresivamente durante a noite e a madrugada. A cidade de Lugo e a maior parte das capitalidades dos concellos contaban xa con subministro desde a tarde do luns, xa que Lugo foi a primeira cidade galega en recuperar o subministro, aínda que non sería ata a mañá do martes que se recuperou en algunha zona como A Ulloa. En xeral, foron poucos os incidentes rexistrados durante o apagamento en toda a comunidade, quitando algún rescate de persoas encerradas en ascensores..

Ás 07:00 horas da mañá do martes, segundo Red Eléctrica e o Ministerio para a Transición Ecolóxica, xa se recuperara o 99,95 % da demanda enerxética da Península, con todas as subestacións operativas.

José Tomé, reelixido secretario xeral dos socialistas da provincia

A Comisión Executiva Nacional Galega do PSdeG felicitó a José Tomé, novo secretario provincial de Lugo, escollido ao rematar o proceso de eleccións primarias. Este supón a última cita antes dos congresos provinciais que se celebrarán escalonadamente ao longo do mes de maio en Pontevedra, o día 3, seguido de Lugo, o día 10, A Coruña o 11 e, finalmente, o 18 de maio en Ourense. A dirección socialista salienta o exemplo de democracia interna ofrecido polos aspirantes de Lugo, onde se presentaron Tomé e Iván Castro, durante o proceso de eleccións primarias. “Este mecanismo consolídase como a máxima representación dos principios socialistas, como son a soberanía popular e o sufraxio universal, neste caso para escoller aos líderes provinciais”, din. “Este é un partido que aposta sen reservas pola democracia como

fórmula óptima para representar o sentir da sociedade, que garante uns liderados solventes, competentes e fortalecidos polos votos de todos e cada un dos militantes, que deron unha lección maxistral de madurez institucional. A participación nos procesos internos consolida o proxecto e reforza a estrutura do partido como ferramenta para transformar a sociedade e dar resposta aos problemas e as ilusións da cidadanía”, engade a dirección do PSOE. Afirmar que os candidatos e a militancia teñen ofrecido neste proceso “un exemplo de respecto polos valores socialistas e unha lección de responsabilidade e de autonomía decidindo percorrer xuntos o camiño da transparencia e da participación na busca dun obxectivo compartido”. O alcalde de Monforte de Lemos e presidente da Deputación de Lugo, José Tomé Roca, foi reelixido como

Secretario Xeral do PSdeG-PSOE na provincia, tras recibir o apoio maioritario da militancia nas eleccións primarias celebradas esta fin de semana. Tomé logrou 801 votos fronte aos 585 obtidos por Iván Castro, deputado provincial e voceiro en Paradelas. A participación no proceso foi do 75%, cun total de 1394 votos emitidos sobre un censo de 1862. Nada máis coñecer os resultados, José Tomé trasladou o seu agradecemento “a todas as compañeiras e compañeiros que decidiron participar con liberdade, ilusión e responsabilidade nun momento importante para a nosa organización, e que elixiron a miña opción”. Asegurou que esta reelección supón “un novo impulso para seguir traballando con forza, con humildade e cun compromiso profundo co noso partido e con todos os lucenses”. Ao tempo, que tamén tivo un agradecemento es-



pecial cara o equipo que organizou o proceso.

O líder provincial reafirmou a súa intención de consolidar os gobernos municipais socialistas, recuperar espazos perdidos, gañar novos concellos e seguir mantendo o goberno da Deputación de Lugo. “Gobernamos nas vilas máis grandes, a máis da metade da poboación, como Monforte, Lugo ou Vilalba”, detallou, ao tempo que avanzou que isto contribuirá á construción dun PSdeG en Galicia con José Ramón Gómez Besteiro á cabeza que sexa “máis forte”.

Subliñou que a súa candidatura representa unha continuidade necesaria, pero tamén “renovación, impulso e apertura a novas ideas. “Vamos elixir unha nova Executiva que sexa representativa, paritaria para dirixir esta nova etapa do Partido Socialista na provincia”, afirmou coa vista posta no Congreso do 10 maio. Unha Executiva que, adiantou, estará presente nas agrupacións para darlles apoio, asesoramento e facer o labor político necesario. Este é un compromiso que adquiero e un sentimento que teño eu”, confirmou Tomé Roca.

LETRAS GALEGAS 2025

Cantareiras

O Día das Letras Galegas de 2025 está dedicado ás mulleres que contribuíron á lírica popular cun número elevado de cantigas, melodías e letras

As mulleres
elixidas
para
representar
as cantareiras
son unha mostra
representativa
daquelas
transmisoras

O Día das Letras Galegas 2025, que se celebra o vindeiro 17 de maio, estará dedicado á poesía popular oral, segundo decidiu a entidade promotora desta efeméride, A Real Academia Galega. Así, este ano as Letras Galegas terán o obxectivo honrar a aquelas mulleres que dedican a súa vida a poñer en valor a música tradicional galega, empregando a súa voz e as pandeiretas como principais acompañamentos musicais. O fonsagradino Antón Santamarina, que é académico numerario da Real Academia Galega, explicou no portal académico que “cando presentamos esta candidatura para dedicarlle un Día das Letras Galegas á lírica popular, sabíamos que había por toda Galicia, e mesmo fóra, moitas candidatas posibles, pero reducimos o número a seis mulleres que representasen a todas cantas mulleres cumpriron un papel parecido, moitas con nomes coñecidos e outras anónimas. Todos os etnógrafos salientaron que as mulleres foron as principais transmisoras da lírica popular,

pero non podemos esquecer que o fenómeno non é exclusivo delas e que nos cancioneros tamén hai con frecuencia informantes homes. Todos eles, mulleres e homes, estean na nómina dos lembrados como dos omitidos (non esquecidos), serán protagonistas festexados nesta celebración”, explicou. Así, o Día das Letras Galegas 2025, dedicado á poesía popular oral, está personificado en Adolfinia e Rosa Casás Rama, de Cerceda, Eva Castiñeira Santos, de Muxía, e Manuela Lema, Teresa García Prieto e Prudencia e Asunción Garrido Ameixenda, integrantes estas catro das Pandeireteiras de Mens (Malpica). É unha representación colectiva, como xa se fixo na elección dos trobadores da ría de Vigo en 1998, cos que se rendeu

homenaxe á poesía medieval. A académica Ana Boullón, sostivo que “un dos factores que dificultou a elección concreta das personaxes que ían encarnar esta candidatura non foi o seu número, senón o carácter anónimo propio da transmisión popular. As mulleres non eran coñecidas fóra dos límites das súas aldeas; os grupos que se constituían nin adoitaban recibir nome nin se axustaban a formatos fixos; non buscaban gabanzas máis alá da súa contorna. Enténdase, pois, que non están todas as que son, senón que se buscou unha mostra representativa destas figuras que coidaron, arriqueceron e transmitiron esta tradición centenaria”, contextualiza a académica. A RAG recoñece ademais o labor das asociacións culturais que desenvolveron un labor fundamental, non só co traballo de campo de recollida de letras e música, senón tamén coa súas clases de canto, música e baile. “Así, foise espallando entre a xente nova ese tesouro con tan pouca visibilidade social antano e que aínda hoxe require de maior protección institucional como parte do noso patrimonio inmaterial”, enfatiza Ana Boullón, que cita, entre outras, propostas contemporáneas que van desde as levadas ao escenario por Mercedes Peón, Leilía ou Xabier Díaz ata as de Antía e Ameixeiras ou Fillas de Cassandra. “A tradición vólvese vangarda. O folclore, conxunto de tradicións, costumes e manifestacións artísticas dun pobo, non debe ser contemplado de forma arqueolóxica, senón que na súa propia esencia está a evolucionar e cambiar, é zume que nutre novas

formas de expresión”, conclúe Ana Boullón.

UNHA SERIE DOCUMENTAL. Co obxectivo de recoñecer a importancia da poesía popular oral, a Real Academia Galega estreou a serie documental ‘Se canto é porque quero’. Esta proposta recolle testemuños e experiencias que relatan o mundo das cantareiras e da poesía oral a través de tres capítulos baseados en Rosa e Adolfinia Casás Rama, veciñas de Cerceda; as Pandeireteiras de Mens, de Malpica de Bergantiños; e Eva Castiñeira, de Muxía. Ademais, aparecen na produción tamén Mercedes Peón, Fuxan os Ventos, Felisa Segade e as rapazas do Regueifa Tour. A produción audiovisual afonda nas ideas centrais destas Letras Galegas, nas que a RAG quere reivindicar “a fala do pobo que mantivo vivo o galego ao longo dos séculos, a enorme creatividade da poesía feita anonimamente e a súa vixencia”, salienta o presidente da Academia, Henrique Monteagudo. “Quixemos resaltar a forza viva da tradición dun pobo que segue a cantar porque quere, como di a copla que lle dá título á serie. Como a mocidade está a abrírlle novos camiños con grande éxito”, prosegue. “A natureza colectiva desta festa é outro dos seus esteos”, sinala a secretaria da Academia e promotora da candidatura, Ana Boullón. “Por iso, animamos a que cada vila, cada aldea lembre este 17 de maio as súas propias cantadoras, e que lles dea igualmente voz aos netos e netas que fan seu con orgullo este legado, como reflicte tamén a





serie”, engade.

A serie arranca na Vila da Igrexa, rememorando o encontro entre Schubarth e Rosa e Adolfinha Casás Rama. Relátan na propia aldea das homenaxeadas Richi Casás, neto e sobriño neto de ambas as cantareiras.

“No primeiro episodio, Rosa e Adolfinha. ‘As recollidas onte e hoxe’, quixemos insistir na importancia de documentar e recoller as coplas e as músicas populares, e mais a necesaria complicidade entre as persoas informantes e quen realiza estes traballos”, explica Alba López Álvarez. É un traballo que iniciou Sarmiento hai trescentos anos e que ten a súa biblia no Cancioneiro de Schubarth e Santamarina, realizado entre finais dos anos 70 e principios dos 80 do século pasado. Pero Se canto é porque quero recorda tamén o labor xeneroso de moitas outras persoas que percorreron o país, de rueiro en rueiro, rexistrando a memoria de milleiros de versos. O segundo capítulo, ‘As pandeireteiras de Mens. Da aldea á cidade’, conta cos testemuños de Isabel García Quintela e Manel Fernández Pensado, presidenta e presidente de honra da Agrupación Folclórica Aturuxo da Coruña, da que formaron parte as cantareiras de Malpica de Bergantiños. A narración prosegue coas intervencións das cantareiras da Asociación Cultural Raigañas de Cerqueda (Malpica de Bergantiños), que lembran o papel das agrupacións nas vilas e aldeas onde se recuperaron os cantos e os bailes; e máis Carme e Uxía da Pontragha, que tras aprender das súas maiores en Tordoia hoxe son mestras de canto e pandeireta nun ambiente urbano. Tamén intervén nesta segunda entrega a cantadora e tocadora Antía Vázquez,

membro de Alana, que explica de modo didáctico a estrutura dunha cantiga.

No terceiro episodio, ‘Eva Castiñeira. A necesidade de perdurar’, Martín Mondragón (Mondra) e Sabela Caamaño e Antía Ameixeiras (Caamaño&Ameixeiras) manteñen un encontro co alumnado do CEIP Os Muíños para lle aprender a crear novas coplas e músicas partindo da tradición. Tereixa Novo, Carmen Vázquez e Pedro Lucas, de Fuxan os Ventos, e Felisa Segade, de Leilía, lembran pola súa parte as achegas de ambas as formacións á recuperación das letras e da música popular nun episodio que remata ollando ao futuro coas regueifeiras adolescentes do Regueifa Tour.

A PALABRA DO ANO 2024.

Ademais de dedicar o Día das Letras Galegas ás cantareiras, a palabra ‘Cantareira’ foi a escollida como Palabra do Ano 2024. Cantareira, con 25 por cento dos votos, foi a palabra que obtivo máis apoios das persoas participantes nunha elección na que o público se decantou maioritariamente polas opcións patrimoniais. Na primeira acepción do dicionario da RAG, cantareiro, -a define a persoa que sabe cantar ou afeccionada a facelo e ten como sinónimos cantadeiro, -a, cantador, -a e cantaruxeiro, -a. Como adxectivo, esta voz ten unha segunda acepción similar, “que emite un son agradable e melodioso”, pero a Palabra do Ano 2024 refírese á forma substantivada cantareira, que se aplica á muller que canta cantigas populares. O termo créase en todos os casos sobre o verbo cantar, que procede do equivalente latino ‘cantare’.

A Palabra do Ano escóllese a través do Portal das Palabras, un proxecto

da RAG e a Fundación Barrié para a modernización do traballo lexicográfico e a divulgación da lingua galega que cada semana ofrece xogos e outros contidos divulgativos que conectan o léxico galego coa realidade cotiá e a actualidade dun xeito ameno. Dende 2014, o Portal das Palabras convida ademais a todas as persoas que o desexen a participar na escolla da Palabra do Ano. A última incorporación non é a primeira que alude á forza das coplas e da música popular galega. No ano 2021 a voz elixida foi tanxugueiras, o topónimo que lle dá nome ao grupo formado por Olaia Maneiro, Aida Tarrío e Sabela Maneiro, un referente dos novos camiños que está a abrir con grande éxito a nosa música tradicional. As demais palabras do ano son ata o momento cibercarracho (2023) comadre (2022), nós (2020), sentidiño (2019), deseucaliptización (2018), afouteza (2017), irmandade (2016) —coincidindo co centenario das Irmandades da Fala—, refuxiado, -a (2015) e corrupción (2014).

Víctor F. Freixanes, expresidente da RAG, sostén que “as cantareiras representan ese pulo

vital, esa enerxía histórica que fixo que a lingua galega puidese pasar de xeración en xeración, de nais a fillas, de avoas a netas. A súa transmisión oral tamén é literatura. As letras, a lingua, son algo que ferve na sociedade, que levamos dentro, que transmitimos construíndo o futuro a partir desa memoria. Cada vez que falamos galego cos nosos netos e netas estamos transmitindo a ilusión de construír país entre todos, porque a lingua é algo que nos une, é o cemento que nos une”, concluíu.

En Lugo, a Tenencia de Alcaldía do Concello organiza cada ano un acto para homenaxear este recoñecemento á Palabra do Ano e para engadir a palabra ‘Cantareira’ ao Paseo das Palabras do Ano de Lugo, situado na rúa Mallorca. Así o destacaba Rubén Arroxó, tenente de alcalde de Lugo: “Cada ano realizamos esta intervención artística que xa converteu a rúa Mallorca nun atractivo turístico máis de Lugo”, explicou Arroxó, quen tamén subliñou o valor desta iniciativa para poñer en valor a lingua galega.

E, pola súa parte, Víctor Freixanes, que tamén participou no acto, xunto con Diego Rodríguez, académico e bibliotecario da Fundación Barrié, afirmou que a palabra ‘Cantareiras’ representa “a enerxía do pobo que fixo que a lingua galega puidese pasar de xeración en xeración a través desa tradición de transmisión oral”.



'Cantareiras'
representa
a enerxía
do pobo
que posibilitou
transmitir a
tradición oral
de xeración
en xeración

CERTAME DA TRADESCOLA

A Tradescola, en colaboración coa Área de Cultura da Deputación de Lugo, pon en marcha o XII certame de debuxo O baile e os Instrumentos da Música Tradicional Galega - As Cantareiras e a tradición oral.

Esta iniciativa está dirixida a todos os escolares de 1º, 2º e 3º de primaria dos centros de ensino da provincia. A finalidade do certame de debuxo é potenciar e difundir entre os máis pequenos a nosa música e a cultura tradicional galega, incidindo nesta ocasión na tradición oral, nas cantareiras homenaxeadas no día das Letras Galegas 25. “En definitiva, axudar a que coñezan os nosos instrumentos, a nosa historia e costumes dun xeito natural dende os primeiros anos, fomentando actitudes de respecto e valoración da mesma”.

Os debuxos e os dorsos dos debuxos deberán enviar (escaneados ou fotografados) por correo electrónico á Tradescola (tradescola@gaiteirosgalegos.gal) ata o 16 de maio de 2024.

O xurado do certame estará composto por membros do profesorado da Tradescola, que seleccionarán un total de 10 debuxos finalistas que serán premiados cun lote de material didáctico.

Dos 10 debuxos finalistas, seleccionárase un gañador, que recibirá un premio consistente na matrícula de balde nunha materia na Tradescola no curso 2025/2026. O centro educativo ao que pertenza o gañador terá tamén un agasallo a maiores, consistente nun concerto didáctico de música tradicional a cargo da Tradescola.

DEPORTES

Riortorto fai en maio o torneo Pádel in Río

Riortorto converterase no epicentro do pádel os días 9, 10 e 11 de maio coa celebración do torneo Pádel in Río, unha competición que reunirá tanto a deportistas femininas como masculinos nun ambiente festivo e deportivo.

O torneo contará con dúas categorías principais: feminina única e masculina única, e outorgaranse premios en puntos para as mellores parellas: 150 puntos para as gañadoras e 70 para as segundas clasificadas en cada categoría.

As inscricións están abertas ata hoxe, 4 de maio, cun prezo de 20

euros por persoa (15 euros para socios). As persoas interesadas poden anotarse chamando ao número 659 978 052 (Josiño).

A organización solicita ás persoas participantes que comuniquen calquera limitación horaria no momento da inscrición e lembra que é necesario presentarse con 15 minutos de antelación á hora marcada para os partidos.

Ademais da competición deportiva, o evento contará con baños, vestiarios, bar e música, garantindo así un ambiente cómodo e animado para todas as persoas asistentes.

O FSF Castro quedou este ano ás portas das copas Galicia e da Raíña

O Pavillón dos Deportes de Lugo acoñeceu a final da Copa Galicia de Fútbol Sala Feminino, na que o Burela FS se alzou co título tras vencer ao Castro FSF na quenda de penaltis.

A cita, que contou co apoio da Vicepresidencia da Deputación de Lugo, reuniu a dúas das grandes referencias do fútbol feminino galego nun espectáculo deportivo de alto nivel. O vicepresidente da Deputación, Efrén Castro, estivo presente no encontro e felicitou a ambos equipos pola súa entrega e calidade. “Foi unha mostra do gran nivel do fútbol sala feminino na provincia, con dous equipos que ofreceron un

gran espectáculo deportivo”, afirmou. Tamén quixo destacar “o bo ambiente no pavillón coas afeccións apoiando en todo momento”.

A organización desta final forma parte do compromiso da Deputación co deporte feminino e co fútbol sala, sendo a principal patrocinadora tanto de Burela FS como de Castro FSF. A celebración do torneo contou coa colaboración do club Ribeira FS, anfitrión das finais da Copa Galicia.

Esta xornada supuxo un novo fito para o fútbol sala da provincia, que continúa a demostrar o seu potencial competitivo e a súa capacidade

de mobilización social arredor do deporte.

COPA DA RAÍÑA. O Burela FS e o Castro FSF participaron tamén na Copa da Raíña de Fútbol Sala feminino, que tivo lugar en Murcia e que contou coa colaboración da área de Deportes da Deputación de Lugo. O Burela FS clasificouse para a final, ao gañar o 3 de maio ao Poio Pescamar FS cun resultado de 1-2. Ao día seguinte fíxose coa Copa.

Pola súa parte, o FSF Castro non conseguiu un resultado tan positivo, caendo na quenda de penaltis contra o Melilla.

Folgueiro, Riotorto e Brollón clasifícanse para semifinais da Copa Deputación

A Copa Deputación xa ten tres equipos clasificados para as semifinais da categoría, que se celebrarán unha vez rematada a Liga, xa entrado o mes de xuño. Só queda por resolverse o enfrontamento entre o San Roque e o Becerreá, programado para mediados de maio.

Na xornada de cuartos disputáronse tres encontros decisivos, nos que os dous conxuntos da Terceira que aínda permanecían na competición quedaron fóra. O Folgueiro foi contundente fronte ao Cazás, cun triunfo por 0-4. O primeiro tanto chegou desde os once metros xusto antes do descanso, e o segundo nada máis comezar a segunda metade, abrindo a porta a un final cómodo para sentenciar o resultado.

O outro equipo de Terceira en liza, o Goiriz, tivo unha saída complicada ante un Riotorto moi entonado. Ao descanso o marcador xa reflectía un 0-2, que se ampliou a 0-3 nada máis reanudarse o xogo. Malia o golpe, os locais non baixaron os brazos e recortaron distancias con dous goles —o primeiro de penalti— xerando incerteza nun tramo final no que ambos tiveron ocasións, pero sen máis variacións no resultado (2-3).

O Paradela e o Brollón protagonizaron un encontro moi equilibrado, que rematou sen goles no tempo regulamentario, reflexo da súa semellante traxectoria na Liga, onde só os separan sete puntos. O pase tivo que decidirse na quenda de penaltis, onde os da Pobra foron máis efectivos e impuxéronse por 4-5.



Kevin Cuba suma dúas medallas no Torneo de Jóvenes Promesas

O Club Loitas Olímpicas Vilalba viu unha fin de semana intensa e chea de éxitos, con participación destacada tanto en torneos internacionais como en concentracións nacionais de cara aos vindeiros Campionatos de España.

Kevin Cuba, un dos loitadores máis destacados do club, competiu no Torneo Internacional de Jóvenes Promesas, celebrado en La Nucia (Alicante), onde se deron cita centos de deportistas procedentes de 17 países de Europa, Asia e América. O sábado, na categoría U23, o vilalbés subiu ao podio tras acadar a medalla de bronce, por detrás do representante de Canadá, que se fixo co ouro, e de Aimar Alzón, vixente campión de España, que logrou a prata.

Na xornada do domingo, Kevin volveu loitar, desta volta na categoría U20, acadando a medalla de prata tras caer na final ante o represen-

tante de Turkmenistán. Tras o torneo, o deportista vilalbés desprazouse a Murcia, onde participará nunha concentración internacional con loitadores de oito países distintos.

Ademais, este sábado tamén se celebrou no CGTD de Pontevedra a concentración previa aos Campionatos de España U13, que terán lugar o próximo 10 de maio en Madrid. Nesta sesión preparatoria participaron os integrantes do combinado galego, entre os que se atopaban varios loitadores do club vilalbés que conseguiron a súa praza grazas aos bos resultados obtidos no Campionato Galego da categoría.

Alejandra Valle, Sara Martínez, Noela González Carreira, Alonso Maceira e Bruno Pintos serán os representantes de Vilalba na cita estatal, formando parte do equipo galego que viaxará á capital.



Picallo fíxose co triunfo no VI Slalom de Guitiriz

O Campo da Feira de Guitiriz acoñeceu o VI Slalom Concello de Guitiriz Gran Premio Ruta da Auga. Iván Picallo foi triunfador na categoría xeral, María José Chao no VI Trofeo Feminino Pub Zeus, Borja Cotovad foi o primeiro no I Trofeo Traseiras Pub Titanic, Miguel Villanueva foi o triunfador na categoría de debutantes e David Franco finalizou no primeiro posto no I Trofeo Pilotos Lucenses Carnicería Vitorio. Pola mañá realizáronse as verificacións técnicas e os adestramentos e, xa pola tarde, a iso das 16:30 horas, deu comezo a competición, que este ano reuniu a 48 pilotos, a segunda cifra máis alta da historia da proba. En xogo, cinco premios diferentes e 1.860 euros a repartir entre os regulamentados e os premios especiais. Iván Picallo (Asociación Aut. Moeche) proclamouse vencedor absoluto ao volante do seu Citroën Saxo VTS cun tempo de 1:39.631. O segundo posto foi para Pablo Castro (As Pontes Motor Sport) nun Citroën AX Sport, que rematou con 1:40.023, seguido de Anxo Lariño (Escudería Berberecho), tamén en Citroën Saxo VTS, cun crono de 1:40.516.

No VI Trofeo Feminino Pub Zeus, a vitoria foi para Mª José Chao (Asociación Aut. Moeche), quen completou o percorrido en 1:50.581. O podio completárono Tamara Pereira (RallyActividade Competición) cun tempo de 1:53.406, e Alba Senande (Berberecho) que acadou 2:01.048. O I Trofeo Traseiras Pub Titanic viu a Borja Cotovad (Scratch Fene) dominar coa súa destreza ao volante do Ford Escort, marcando un tempo de 1:43.054. Pedro Díaz (BMW 320i E36) e Diego Gómez (BMW 325 Coupé) ocuparon o segundo e terceiro lugar respectivamente.

No I Trofeo Pilotos Lucenses Carnicería Vitorio, o mellor foi David Franco (Automóvil Club As Pontes) nun Citroën Saxo VTS con 1:43.672, seguido de Aitor Coto e José Manuel Fdz (Sarria Motor).

Na categoría de debutantes, o triunfo foi para Miguel Villanueva (Sarria Motor) ao volante dun BMW 323i E46 cun rexistro de 1:47.393. Completaron o podio Miguel Santiago (Siroco Narón) e, de novo, Alba Senande, que subiu ao caixón en dúas categorías distintas.

Alberto Gil e Elena Veres brillan na XI Carreira Popular de Friol

A localidade de Friol converteuse nun fervedoiro de deporte e emoción coa celebración da undécima edición da súa carreira popular. A cita, con saída e meta nas inmediacións do colexio da vila, reuniu a centos de corredores e corredoras.

Na categoría absoluta masculina, Alberto Gil foi o gran triunfador ao completar os cinco quilómetros de percorrido cun tempo de 16:43 minutos. Moi preto estivo Marcos Pereira, que cruzou a meta en 16:48, mentres que Cristian Monceló completou o podio cun rexistro de 16:52.

Na categoría absoluta feminina, Elena Veres impuxo un ritmo fortísimo e proclamouse vencedora cun tempo de 19:17 minutos. Ana Abuín, con 19:35, e Ana Belén González Margáride, con 19:43, acadaron o segundo e terceiro posto respectivamente.

En xuvenil masculino, Mateo Villar foi o primeiro en cruzar a meta cun tempo de 19:21 minutos, seguido por Marcos Seijas (20:52) e Abel Fagil (22:19). Na categoría cadete masculina, Luís Berdeal da Barrera foi o máis rápido cun rexistro de 17:51 minutos, por diante de Héctor Ferro e David Díaz.

En infantil masculino, Pablo Rodríguez dominou cun tempo de 4:45 minutos, superando a Fran Miragaya (4:56) e Manuel Lage (5:21). No



infantil feminino, Amelia Carrillo proclamouse vencedora cun tempo de 5:12 minutos, seguida de Sabela Sánchez (5:24).

Entre os alevíns, Nicolás Amado destacou no masculino cun tempo de 2:10 minutos, mentres que Celia Mella foi a máis rápida no feminino, cruzando a meta en 2:18 minutos.

En benxamín, Arai Gallardo (2:25) e Mireia Díaz (2:28) impuxéronse nas súas categorías.

A carreira tamén contou coa participación dos máis pequenos, nados entre 2018 e 2020.

LETRAS GALEGAS. Xa está preparada tamén a XV edición da Carreira Escolar das Letras Galegas en Vilalba,

unha cita xa consolidada no calendario deportivo e educativo do municipio. O procedemento de inscrición deberá realizarse exclusivamente a través dos centros educativos locais.

A carreira celebrarase o vindeiro 16 de maio, ás 11:00 horas, no Estadio Municipal da Madalena. Nesta edición, contará con sete categorías mixtas e de carácter participativo: chupete, biberón, prebenxamín, benxamín, alevín, infantil e cadete.

A inscrición é totalmente gratuíta para todas as categorías e permanecerá aberta ata o martes 7 de maio, incluído. Esta iniciativa, que une deporte e cultura, busca fomentar a participación e a celebración das Letras Galegas entre a mocidade.



O Matela confirmou o seu ascenso á Segunda Futgal ante o Abadín

A fase de ascenso da Terceira pechouse, deixando xa perfilados os equipos que competirán na Segunda Futgal a vindeira tempada a través do ascenso.

No grupo norte, o Matela protagonizou unha actuación contundente fronte ao Abadín. O conxunto saíu ao San Lourenzo de Aguiar moi metido no encontro, e apenas precisou uns minutos para encarrilar o partido. Micael abriu o marcador aos cinco minutos e, só tres despois, Pablo ampliaba a vantaxe. Sen tempo para a reacción do rival, o Matela anotaba o terceiro tanto aos dez minutos de xogo.

Antes do descanso, Micael volvería marcar, situando o 1-4 no marca-

dor e deixando o partido practicamente sentenciado.

Na segunda metade cada equipo anotou un gol: o Abadín recortou distancias no minuto 59, pero o Matela respondeu de inmediato no 62, certificando un claro 2-5 final. Este resultado sumouse ao do partido de ida, que tivo lugar antes da Semana Santa, e no que vencerá tamén o equipo de Outeiro de Rei pero por unha marxe menor (0-1). Nesa ocasión xogouse no campo do Abadín.

Con esta vitoria, o Matela despídese da Terceira, categoría á que descendera por arrastres hai unhas tempadas, e únese a Goiriz e Castrovirde.

TELÉFONOS DE INTERESE

ABADÍN	
Concello:	982 50 80 21
Garda Civil:	982 50 80 11
Centro de Saúde:	982 50 81 22
A PASTORIZA	
Concello:	982 33 21 97 / 982 33 21 60
Garda Civil:	982 34 90 20
Centro de Saúde:	982 33 21 41
AS PONTES	
Concello:	981 45 31 16
Policia Local:	981 45 31 91
Garda Civil:	981 45 00 05
Centro de Saúde (cita previa):	981 45 12 51
BEGONTE	
Concello:	982 39 61 43
Garda Civil:	982 39 80 08
Centro de Saúde:	982 39 69 02
CASTRO DE REI	
Concello:	982 31 40 34 / 982 31 41 32
Garda Civil:	982 31 40 02
Centros de Saúde (cita previa)	982 21 10 18
Castro de Rei:	982 31 42 11
Ribeiras de Lea:	982 31 11 14

COSEPITO	
Concello:	982 52 00 01 / 982 50 40 57
Garda Civil:	982 52 00 17
Centro de Saúde (cita previa):	982 52 01 20
Feira do Monte:	982 50 34 69
Consultorio de Muimenta:	982 50 40 57
FRIOL	
Concello:	982 37 50 01
Garda Civil :	982 37 50 02
Centro de Saúde:	982 37 10 98
Cita Previa	982 37 10 05
GUITIRIZ	
Concello:	982 37 01 09 / 982 37 58 00
Garda Civil:	982 37 00 01
Centro de Saúde:	982 37 21 10
Parga P.A.C.:	982 37 05 00

MEIRA	
Concello:	982 33 01 02
Garda Civil:	982 33 00 04
Centro de Saúde:	982 35 69 27
Cita previa:	982 33 02 40
MURAS	
Concello:	982 50 00 01
Garda Civil:	982 50 00 20
Centro de Saúde:	982 50 01 23
OUTEIRO DE REI	
Concello:	982 39 32 81 / 982 39 30 55
Garda Civil:	982 39 00 05
Ambulancia:	982 23 16 13
Centro de Saúde:	982 39 25 98
Cita previa:	982 39 32 67
P.A.C.:	982 39 34 00

POL	
Concello:	982 34 50 29
Garda Civil:	982 33 00 04
Centro de Saúde:	982 34 59 20 / 982 34 53 76
RÁBADA	
Concello:	982 39 00 62 / 982 39 00 52
Garda Civil:	982 39 00 05
Centro de Saúde:	982 39 01 01
RIOTORTO	
Concello:	982 34 62 22
Garda Civil:	982 34 22 22
Centro de Saúde (cita previa):	982 34 66 63
VILALBA	
Concello:	982 51 03 05 / 982 51 07 16
Policia Local:	982 51 07 67 / 608 08 00 50
Garda Civil:	982 51 03 07
Centro de Saúde (cita previa):	982 51 03 11
XERMADE	
Concello:	982 50 10 01 / 982 50 20 03 / 982 50 10 27
Garda Civil:	982 50 10 08
Centro de Saúde:	982 50 11 34 / 982 50 10 55

+ Teléfonos: www.terrachaxa.com

DE RUTA EN RUTA

Muras: Ruta pola Serra do Xistral

Agocha un dos roteiros máis espectaculares e esixentes de Galicia, de case 60 quilómetros, que arrinca na parroquia do Viveiró

En pleno corazón da provincia de Lugo, a Serra do Xistral agocha unha das rutas máis espectaculares e esixentes de Galicia: un percorrido circular de case 60 quilómetros que arrinca na parroquia do Viveiró (Muras) e leva ao aventureiro a través de montes, nacimentos de ríos, eólicos, bosques húmidos e vales profundos como o do Inferno. Un desafío físico e emocional para quen ama a montaña na súa forma máis pura.

A ruta comeza no Viveiró. Desde alí, os primeiros quilómetros levan pola DP-6502 ata abandonar o asfalto e afrontar unha dura subida cara ao Monte O Xistral, que con 1032 metros é o teito da serra. Sen chegar á cima, o camiño roza os 960 metros de altitude antes de comezar un descenso pronunciado por Lombo Longo.

Moi preto desta baixada nace un dos ríos máis emblemáticos de Galicia: o Eume, froito da unión das augas do Rego do Lamoso e do Toxeiras. Desde este punto, o traxecto continúa cun sobe e baixa constante, pasando polo outeiro dos Altos do Fiuco, A Pena do Ovo e Os Chaos, ata cruzar o Río do Pe-



drido, un paso complicado pola súa forza e caudal.

Logo dun pequeno tramo asfaltado pola LU-P-0101, os sendeiros lévanos ao Parque Eólico Cuadramón e aos Montes da Fragavella, pasando pola zona de Almuxada e cruzando regos con nomes evocadores como o da Fraguella ou o do Cabo. Aquí os ventos e a néboa son compañeiros constantes, facendo honra ao carácter indómito da serra.

Tralas subidas ao Curro do Bispo e a Pena Beira, e o paso polos vales do Porto da Cal e do Inferno, a ruta volve coller altura ata A Arca, pasando antes pola ermida de San Antonio, xa no termo de O Calvo. Ao seu carón, o Eume, cada vez máis robusto, acompaña un descenso prolongado ata a Ponte Freireiros. A subida final ao Campo do Foxo, no Parque Eólico de Vilalba, pecha con forza a parte máis dura da xornada, onde mesmo os caba-

los salvaxes semellan gardiáns dos cumios.

A ruta é, en palabras dos autores, “rompepiernas”, con máis de 1400 metros de desnivel positivo acumulado, tramos duros e baixadas técnicas. A dificultade non está tanto na técnica como na resistencia e na capacidade de adaptación ao terreo e ao clima, que neste caso foi especialmente duro: choiva, néboa, vento e frío.

A paisaxe, con todo, recompensa o esforzo. A natureza amósase en estado puro: os regos cruzan camiños, os vales escóndense entre lombas e a fauna —especialmente cabalos ceibes— é constante. Trátase dunha ruta na que un se sente pequeno ante a magnitude da contorna.

É unha ruta recomendada para ciclistas de montaña experimentados ou sendeiristas ben preparados. Realizouse con bicicleta de



montaña e GPS (GARMIN), e cómpre estar atentos ao estado dos sendeiros, pois algúns poden estar pechados por vexetación ou contar con valados que será necesario superar. A época máis axeitada para facela é o verán, cando o tempo e o estado dos camiños son máis fa-

vorables.

Non hai moitas fontes de auga potable, polo que se recomenda levar suficiente líquido. O percorrido cruzará varios regos e ríos, entre eles o Landró, Eume, Pedrido e do Porto, polo que o contacto coa auga e coa natureza é continuo.



DATOS



6 horas 11'



59 quilómetros



Dificultade
Moderada-alta



CAP

TODOS LOS MESES

Formación Bonificada

Cursos y Certificados

- Curso obtención Tarjeta Profesional de la Construcción
- Curso Operador de Carretillas
- Curso Manipulador de Alimentos
- Curso Fitosanitarios
- Curso Bienestar Animal
- Cursos sector eólico, sector telecomunicaciones
- Curso sector Maderista



Pol. Sete Pontes - Rúa do Acivro, 59 Vilalba, Lugo
 alfonso@grupoforma-t.es - www.grupoforma-t.es
 Telf.: 982 51 36 05